



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 18 de outubro de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez .
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. Carlos López Font.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.
M^a José Caride Estévez.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezoito de outubro de dous mil dezoito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Nuria Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1161).- ACTA ANTERIOR. Apróbese as actas das sesións extraordinaria e urxente do 3 de outubro e ordinaria e extraordinaria e urxente do 4 de outubro de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1162).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE RESOLUCIÓNS CONCEDIDAS E DENEGADAS DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA MUNICIPAL DENDE O 01/04/2018 ATA O 30/06/2018. EXPTE. 153041/301.

Dáse conta do informe-proposta do 04/10/18, asinado pola diplomada en Traballo Social, a xefa de Servizo de Benestar Social e pola concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30 de xaneiro de 2018, aprobou a adxudicación do Servizo de Teleasistencia domiciliaria municipal á entidade "EU-LEN, servicios sociosanitarios, S.A." (Exp. nº 148133/301).

As solicitudes de acceso foron resoltas pola Concelleira delegada de Política Social en uso das atribucións específicas conferidas e de acordo co disposto no «Regulamento do Servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo», aprobado en sesión plenaria do 31.03.2014 (BOP nº 148, do 04.08.2014).

En cumprimento do disposto no Pto. 8 do Apdo. 3º, IV, da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 19.06.2015 (BOP nº 133, do 14.07.2015), de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo, dáse conta á Xunta de Goberno Local da relación de resolucións de concesión, denegación, extinción e renuncia do servizo adoptadas pola Concelleira delegada de Política Social no periodo 01.04.2018 – 30.06.2018:

EXP. Nº	DNI USUARIO/A	DATA RESOLUCIÓN	RESOLUCIÓN
151696-301	35816327Z	04/04/18	Concedida
151235-301	35924104J	04/04/18	Concedida
151612-301	35819592J	04/04/18	Concedida
151529-301	35927042F	04/04/18	Concedida
151838-301	12866560S	13/04/18	Concedida
147459-301	36151800D	13/04/18	Concedida
150989-301	35825353R	13/04/18	Concedida
151598-301	35946395V	13/04/18	Concedida
149392-301	35897014V	13/04/18	Concedida
152434-301	35817247Z	13/04/18	Concedida
150957-301	35813748B	13/04/18	Concedida
152116-301	35964473V	23/04/18	Concedida
150991-301	35208267M	23/04/18	Concedida
151909-301	35899799L	23/04/18	Concedida
149475-301	35947381Z	23/04/18	Concedida
152708-301	53190594N	23/04/18	Concedida
152530-301	35910768V	11/05/18	Concedida
151908-301	35844603T	11/05/18	Concedida
152707-301	35816500A	11/05/18	Concedida
153498-301	35814625Z	11/05/18	Concedida
152027-301	1333697L	11/05/18	Concedida
148415-301	35936577C	14/05/18	Concedida
151233-301	35791157Y	14/05/18	Concedida
150494-301	35850686B	14/05/18	Concedida
153046-301	35950040M	14/05/18	Concedida



Concello de Vigo

EXP. Nº	DNI USUARIO/A	DATA RESOLUCIÓN	RESOLUCIÓN
156189-301	14384109R	21/05/18	Concedida
152028-301	36045652Y	21/05/18	Concedida
155290-301	36096701H	21/05/18	Concedida
156187-301	35906061W	21/05/18	Concedida
153879-301	35169207E	21/05/18	Concedida
154044-301	35896286W	25/05/18	Concedida
143064-301	09461791M	25/05/18	Concedida
154045-301	35834145F	25/05/18	Concedida
156186-301	35971312W	25/05/18	Concedida
151234-301	35934162C	25/05/18	Concedida
153047-301	35836729S	25/05/18	Concedida
150956-301	35819673W	25/05/18	Concedida
155476-301	38587141H	25/05/18	Concedida
152531-301	35816332L	25/05/18	Concedida
156556-301	35911884Y	01/06/18	Concedida
150520-301	35834761W	01/06/18	Concedida
152029-301	36001241P	01/06/18	Concedida
156965-301	35920465P	14/06/18	Concedida
155011-301	35948093J	26/06/18	Concedida
157331-301	35947905D	26/06/18	Concedida
157067-301	34663847H	26/06/18	Concedida
157332-301	35945864S	26/06/18	Concedida
146522-301	35984396E	06/04/18	Extinción
152529-301	35922524C	13/04/18	Denegada
152257-301	35919637P	13/04/18	Denegada
151561-301	35798864P	23/04/18	Denegada
147270-301	34558804R	23/04/18	Renuncia
150050-301	76688477Z	23/04/18	Renuncia
155474-301	35815895L	14/06/18	Denegada
157068-301	35941974N	14/06/18	Denegada

EXP. Nº	DNI USUARIO/A	DATA RESOLUCIÓN	RESOLUCIÓN
113904-301	35816180M	08/06/18	Extinción
25135-301	35157863V	08/06/18	Extinción

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(1163).- RESOLUCIÓN DOS RECURSOS DE ALZADA E REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA NA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 19840/240.

A) DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR D. FRANCISCO JAVIER VALVERDE RÍOS, EN REPRESENTACIÓN DE VIGO EVENTOS, S.L., NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA DO CONCELLO, DO COMPLEXO DEPORTIVO DE SAMIL, E DA INSTALACIÓN DE MÁQUINAS DE “VENDING” EN DEPENDENCIAS MUNICIPAIS.

Dáse conta do informe-proposta do 15/10/18, asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa do Servizo de Contratación e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) (PCAP)

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- O 27 de xaneiro de 2017, a Xunta de Goberno local, aprobou o expediente de contratación do servizo de cafetería do Concello, do complexo deportivo de Samil, e da instalación de máquinas de “vending” en dependencias municipais, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de contratación.



Concello de Vigo

A licitación foi obxecto de publicación nos seguintes medios:

- No perfil de contratante, o 13 de febreiro de 2017
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o 17 de febreiro de 2017
- No Diario Oficial de Galicia, o 20 de febreiro de 2018

Rematando o prazo de presentación de ofertas o 7 de marzo de 2017.

O 10 de febreiro de 2017 a Xunta de Goberno local acordou "*Rectificar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares para a licitación da explotación da cafetería na Casa do Concello de Vigo e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipais, unicamente no que se refire ó importe da garantía definitiva a presentar polo adxudicatario, referida na Cláusula 22 do citado prego, garantía que será de 20.000 euros*".

Segundo o certificado expedido polo Rexistro Xeral o 8 de marzo de 2017, durante ese prazo presentaron ofertas os seguintes licitadores:

1. MONTAS & CREPPS, S.L.
2. ANA VÁZQUEZ GIL
3. RESTAURACIÓN A-52, S.L.
4. ATLÁNTICA DE HOSTELERÍA 2012, S.L.
5. ALEJANDRO LÓPEZ YEBRA
6. DRINKS ATLANTIC, S.L.
7. RESTAURATLANTIC 2016, S.L.
8. UTE VIGO VIWES, S.L. - CONSER FOMENTO SERVICIOS, S.L.
9. VIGO EVENTOS, S.L.
10. CHURRERÍA BRETEMA, S.L.U.
11. OH VIGO, S.L.

Segundo.- En base á proposta formulada pola Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 6 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	PUNTOS TOTAIS
1	OH VIGO, S.L.	100
2	VIGO EVENTOS, S.L.	95,39
3	RESTAURACIÓN A-52, S.L.	94,01
4	UTE VIGO VIWES, S.L. e CONSER FOMENTO SERVICIOS, S.L.	93,6
5	CHURRERÍA BRÉTEMA, S.L.U.	93,58
6	ALEJANDRO LÓPEZ YEBRA	93,38

	LICITADOR	PUNTOS TOTAIS
7	RESTAURATLANTIC 2016, S.L.	93,27
8	ATLÁNTICA DE HOSTELERÍA 2012, S.L.	85,69
9	MONTAS Y CREPPS, S.L.	85,69
10	DRINKS ATLANTIC, S.L.	82,41
11	ANA VÁZQUEZ GIL	53

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OH VIGO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Durante o prazo concedido, OH VIGO S.L. non presentou a documentación requirida, polo que se entendeu retirada a súa oferta (artigo 151.2 do TRLCSP).

A referida empresa presentou o 25 de abril de 2017, un día despois de rematado o prazo, escrito no que “*comunica a esta mesa a imposibilidade de reunir todos os requisitos esixidos no prego administrativo*”. Achega certificados de non ter débedas coa Axencia Tributaria e a Xunta de Galicia, a declaración do IVE de 2016 e un escrito de Caixa Bank sobre a concesión dun aval bancario por importe de 20.000 euros que “*está sendo obxecto de estudo e análise por parte desta Entidade*” xunto cunha “*consulta detalle de préstamo*”.

Terceiro.- Na sesión do 4 de maio de 2017 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Tendo en conta que o licitador clasificado en primeiro lugar OH VIGO, S.L. non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP no prazo concedido, así como o seu escrito de data 25 de abril de 2017 de renuncia á licitación “por imposibilidade de cumprir o aval bancario nestes intres” e o certificado expedido pola Tesourería Municipal o 28 de abril de 2017 no que se fai constar que OH VIGO, S.L. ten débedas de natureza tributaria con este Concello, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propón á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

Primeiro.- Dar conta de que o licitador clasificado en primeiro lugar, OH VIGO, S.L., non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP no prazo sinalado, polo que se entende que retirou a súa oferta. Así mesmo, o citado licitador presentou con data do 25 de abril de 2017 un escrito de renuncia á licitación "por imposibilidade de cumprir o aval bancario nestes intres" e, segundo consta no certificado expedido pola Tesourería Municipal o 28 de abril de 2017 esta empresa ten débedas de natureza tributaria pendentes de pagamento na vía de constrinximento con este Concello.

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en segundo lugar, VIGO EVENTOS, S.L., seguindo a orde de clasificación acordada pola Xunta de Goberno local na sesión do 6 de abril de 2017, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Este acordo foi notificado a VIGO EVENTOS, S.L. o 4 de maio de 2018, que presentou a documentación o 18 de maio.

Cuarto.- A Xunta de Goberno, na súa sesión do 10 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- A mercantil OH VIGO S.L. ofertou na licitación un canon de 41.300,00 €, obtendo no trámite de clasificación 100 puntos e o primeiro posto; a mercantil VIGO EVENTOS S.L. ofertou un canon de 16.100,00 €, obtendo no trámite de clasificación 95,39 puntos e o segundo posto.

Na sesión do 6 de abril de 2017 a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acordou a clasificación das empresas licitadoras e requiriu a OH VIGO S.L., primeira clasificada, ao obxecto de que no prazo de dez días presentara, (i) declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, (ii) certificacións de estar ao corrente nas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social, (iii) a documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do PCAP, (iv) o resgardo da garantía definitiva e (v) o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación.

Durante o prazo concedido, OH VIGO S.L. non presentou a documentación requirida, razón suficiente para entender, en aplicación do previsto no último parágrafo do artigo 151.2 do Real decreto legislativo 3/2011, do 3 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP), norma de aplicación, a retirada da oferta

presentada por OH VIGO S.L., razón pola que se procedeu a requirir a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar, VIGO EVENTOS S.L.

Segundo.- Examinada a documentación que consta no expediente, a Mesa de Contratación ten observado que ambas sociedades teñen similar obxecto social (hostalería en xeral a mercantil OH VIGO, S.L. e organización de eventos e hostalería a mercantil VIGO EVENTOS, S.L.), o mesmo socio único (D. Francisco Javier Valverde Ríos), o mesmo correo electrónico (javier@grupoohvigo.com) o mesmo “administrador único” e o mesmo representante legal (D. Francisco Javier Valverde Ríos); ambas proposicións foron presentadas no Rexistro xeral o mesmo día, 7 de marzo de 2017, e á mesma hora (ás 13 horas 12 minutos a primeira delas, e ás 13 horas 14 minutos a segunda); así mesmo no expediente consta documento de execución de títulos xudiciais 000028/2013 ditado polo Xulgado nº 2 de Vigo en data 11 de xullo de 2017 no Procedemento Ordinario 1327/2012 no que se fai constar que ambas sociedades, “OH VIGO S.L.” e “VIGO EVENTOS S.L.”, teñen sido condenadas de forma solidaria en virtude de demanda interposta polos mesmos dezasete traballadores.

Terceiro.- Á vista de tales circunstancias a Mesa de Contratación, considerando que afectan aos principios que rexen a contratación do sector público tales como a concorrencia competitiva, igualdade, transparencia, ou deber de segredo, dirixiuse o 3 de outubro de 2017 á Comisión Galega da Competencia e o 21 de agosto de 2017 á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Xunta de Galicia ao obxecto de determinar a posible vinculación das empresas licitadoras e os seus efectos no procedemento licitatorio.

A Comisión Galega da Competencia, mediante escrito que tivo entrada o 27 de outubro de 2017 declinou a emisión de informe alegando que non ten atribuídas competencias específicas no ámbito da contratación pública; pola súa parte a Xunta Consultiva, a data de hoxe, non ten emitido o informe solicitado que foi reiterado o 9 de outubro de 2017, o 6 de novembro de 2017 e o 28 de febreiro de 2018.

Cuarto.- O TRLCSP no artigo 139, obriga aos órganos de contratación a realizar un tratamento igualitario e non discriminatorio, debendo axustar a súa actuación ao principio de transparencia; o artigo 145.2 da mesma norma advirte que as proposicións serán secretas, é dicir, do exclusivo coñecemento de quen as formula; o apartado 3 do mesmo artigo sinala que cada licitador non poderá presentar mais dunha proposición.

A finalidade dos empresarios que concorren á licitación dun contrato público é a de ser o adxudicatario dese contrato que coa observancia dos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade no trato entre os candidatos, ten que adxudicarse á proposición economicamente mais vantaxosa, artigo 1 TRLCSP.

Non é posible que un mesmo empresario, actuando a través de dúas diferentes empresas (distinta personalidade xurídica) presente no mesmo procedemento e ao mesmo tempo dúas proposicións, pois tal actuar contravén o principio de proposición única xa mencionado. Ademais un licitador non pode licitar contra si mesmo (Resolución 3/2012, de 18 de xaneiro de 2012, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Madrid).



Concello de Vigo

O principio de igualdade garante que os diferentes empresarios interesados nunha contratación ostenten idénticas oportunidades; se un licitador presenta máis dunha oferta tal feito lle coloca nunha situación de vantaxe en relación cos demais que concorren á contratación, supoñendo iso unha manipulación do procedemento en canto á selección da proposición máis vantaxosa.

Quinto.- Carece de lóxica e razón que un mesmo “administrador único”, a quen lle corresponde a xestión empresarial das sociedades ás que representa, presente nun mesmo procedemento licitatorio dúas ofertas contraditorias, pois en todo caso nunha delas está renunciando á adxudicación do contrato a non ser que tal actuar discordante implique o móbil instrumental de retirar con posterioridade a oferta que lle resulta máis gravosa -que coincide coa máis vantaxosa para a Administración- beneficiando con iso á oferta que lle resulta menos onerosa que coincide coa menos favorable para a Administración municipal.

Este, como consta no expediente, ten sido o subterfuxio, a estratexia, de D. Francisco Javier Valverde Ríos, administrador único e socio único das mercantís OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L., un ardid que determina o prezo, neste caso o “canon”, do contrato.

Sexto.- Conforme tales circunstancias e feitos, a pesar das normas de cobertura (liberdade na constitución de empresa), a pesar da diferenza formal de ambas sociedades no que é a súa personalidade xurídica, o seu patrimonio e a súa denominación social, a pesar de que neste intre non resulta probado que ambas empresas compartan clientes ou provedores; a pesar, tamén, da presumible ausencia de relación entre OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L., o certo e indubitado é que existe unha persoa física -o administrador único e socio único- que é un e o mesmo en ambas mercantís e que ten retirado a oferta de OH VIGO, S.L., beneficiando con iso á oferta de VIGO EVENTOS, S.L. Estes feitos e os demais citados (confusión de traballadores, identidade de actividades, mesmo correo electrónico, condena solidaria...) constitúen probas indiciarias suficientes para deducir razoadamente a certeza dunha dobre proposición do mesmo licitador no procedemento de adxudicación conculcándose de plano, en prexuízo dos demais licitadores, o artigo 145.3 do TRLCSP. O efecto derivado da concorrencia de dúas propostas presentadas por un mesmo empresario é a non admisión de ambas.

A este respecto, a sentenza nº 709/2007, Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, nos seus fundamentos de dereito dispón “Neste sentido a efectividade do mandato do artigo 80 do TRLACAP (hoxe artigo 145.3) non só impide que un mesmo licitador, sexa persoa física ou xurídica, presente nun determinado procedemento de adxudicación máis dunha proposición, senón que veda tamén que o mesmo licitador faga máis dunha proposición mediante o mecanismo de interpoñer unha ou varias persoas xurídicas que baixo a cobertura formal da diferente personalidade xurídica, denominación social e patrimonio propio, distinta do resto das persoas físicas ou xurídicas que concorren, permita no fondo conseguir o que el artigo prohíbe, a saber, que cada licitador presente máis dunha oferta, o que constitúe un suposto acabado de fraude de lei. Para analizar se nun caso determinado as proposicións que presentan dúas persoas xurídicas distintas nun mesmo procedemento de adxudicación, son en realidade varias proposicións dun mesmo licitador, a xurisprudencia acude xa desde hai tempo ao mecanismo ou técnica coñecida como levantamento do velo. Que trata de descubrir se baixo a aparencia da personalidade xurídica de sociedades ou empresas aparentemente distintas e sen relación ningunha entre elas, nos encontramos en realidade cunha ou varias persoas físicas ou xurídicas que son

unhas e as mesmas en tales sociedades ou empresas diferentes.(...) Esta técnica do levantamento do velo no caso do artigo 80 do TRLCAP, permite a apreciación do control e dominio efectivo das distintas sociedades licitadoras pola mesma persoa, sen necesidade de facelo mediante un procedemento ou análise rixida (...)”.

Pola súa parte, a Sentenza nº 199/2002 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña nun caso similar, dispón que “A exclusión realízase con fundamento na prohibición de proposicións simultáneas regulado no artigo 81 da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das Administracións Públicas (...) A xuízo da Administración, concorre verdadeiramente esa identidade de licitadores a pesar da súa diferenza formal. Presentáronse dúas empresas cun mesmo representante legal; unha empresa individual da que é titular o recorrente e unha sociedade limitada da que é administrador único ...(..) Todas estas circunstancias acreditan o acerto da resolución impugnada polo que procede a desestimación deste recurso (...)”.

Sétimo.- Na interpretación do artigo 6.4 do Código Civil é doutrina reiterada do Tribunal Supremo a non esixencia de proba de intencionalidade, unha intencionalidade que inclusive é de apreciar neste expediente.

O fraude de lei «require como elemento esencial, un acto ou serie de actos que, pese á súa aparencia de legalidade, violan o contido ético dos preceptos nos que se amparan, xa se teña ou non conciencia de burlar a Lei» (SSTS, entre outras, 17.04.1997; 3.02.1998 e 21.12.2000). Caracterízase (SSTS de 4.11.1994; 23.01.1999; 27.5.2001; 13.06.2003 e outras) pola presenza de dúas normas: a coñecida como «norma de cobertura», que é á que se acolle quen intenta o fraude, e a que, a través desta, se pretende eludir, denominada «norma eludible ou soslaiable», ademais ten que perseguir un resultado contrario ao ordenado ou prohibido imperativamente. O fraude de lei «é unha manifestación obxectiva que xorde, e é de apreciar, pola concorrencia dos requisitos que o configuran», STS 02.03.2006.

No fraude de lei é preciso que quen o propugna subministre ao xulgador os elementos de feito precisos, puntuais e rigorosos para levar o seu ánimo o convencemento de que co o procedemento empregado se ten evitado a actuación da norma infrinxida, neste caso o artigo 145.3 do TRLCSP.

Oitavo.- Tamén cabe falar de “abuso de dereito” no uso da personalidade xurídica societaria; a presentación da oferta de VIGO EVENTOS, S.L. por parte de D. Francisco Javier Valverde Ríos implica, en inicio, unha evidente e manifesta inexistencia de utilidade material, conduta impropia da dilixencia que se presume de calquera administrador societario, en tanto en canto D. Javier Valverde Ríos, coñecedor da oferta de OH VIGO, S.L., era consciente de que a proposición de VIGO EVENTOS, S.L. -ao ofertar un “canon” sensiblemente inferior a ofertado por OH VIGO, S.L.- en ningún caso podería ser adxudicataria no procedemento licitatorio ao non ser que a mercantil OH VIGO, S.L. renunciara á súa oferta, feito ou ardid que finalmente tivo lugar. Razón suficiente para manifestar sen inquietude que a presentación da oferta de VIGO EVENTOS, S.L. tan só tiña un fin, posibilitar a retirada da oferta presentada por OH VIGO, S.L., primeira clasificada, no suposto de que a súa fora clasificada en segundo lugar. Este comportamento causa dano aos terceiros licitadores no procedemento.



Concello de Vigo

Noveno.- D. Javier Valverde Ríos é o administrador único e o representante legal das mercantís OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L., ambas mercantís teñen o mesmo socio único, o mesmo obxecto social, o mesmo correo electrónico e teñen sido demandadas polos mesmos traballadores. No procedemento de licitación, concluído o trámite de clasificación de ofertas, D. Javier Valverde Ríos, non presentou a documentación requirida retirando, en consecuencia, a proposición clasificada en primeiro lugar, OH VIGO, S.L., en exclusivo beneficio da mercantil VIGO EVENTOS, S.L.

Todas estas circunstancias son indicios suficientes para acreditar que, ao abeiro de distinto CIF, de distinta personalidade xurídica -normas de cobertura- D. Javier Valverde Ríos, alcanza o obxectivo de presentar, no procedemento de licitación para a adxudicación do servizo de cafetería no Concello de Vigo, dúas proposicións, conseguindo con iso un resultado prohibido polo ordenamento xurídico ao vulnerar o artigo 145.3 do TRLCSP. Razón suficiente para entender que, neste contexto e contido ético, tal actuación ten sido executada en fraude de lei, artigo 6.4 do Código Civil, e con abuso de dereito, artículo 7.2 da mesma norma, o que non impide nin a aplicación da norma defraudada co fin de evitar a utilización da distinta personalidade xurídica societaria como instrumento defraudatorio, nin a adopción de medidas administrativas que impidan a persistencia no abuso que non poden ser outras que as de rexeitar ambas proposicións.

De conformidade co exposto, seguindo a S. 199/2002 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña e a S. 709/2007, da mesma sala do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, que resolven casos similares ao proposto, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade excluír deste procedemento a VIGO EVENTOS, S.L., representada por D. Francisco Javier Valverde Ríos, administrador único e socio único desta empresa e de OH VIGO, S.L., como administrador único e socio único, de conformidade co previsto no artigo 145.3 do TRLCSP e propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:

- 1. “Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 3 de maio de 2018 do licitador clasificado en segundo lugar, VIGO EVENTOS, S.L., por vulnerar o artigo 145.3 do TRLCSP (“cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición”).*
- 2. Requiritr ao licitador clasificado en terceiro lugar, RESTAURACIÓN A-52, S.L., seguindo a orde de clasificación acordada pola Xunta de Goberno local na sesión do 6 de abril de 2017, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*
 - Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
 - Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
 - A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
 - Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 3. Requiritr ao licitador clasificado en terceiro lugar o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

Este acordo foi notificado ao licitador excluído, VIGO EVENTOS, S.L. e ao licitador clasificado en primeiro lugar, RESTAURACIÓN A-52, S.L. Este último presentou a documentación requirida o día 14 de maio de 2018, dentro do prazo concedido.

Quinto.- Con data do 7 de xuño de 2018 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a RESTAURACIÓN A-52, S.L. o procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) coas seguintes condicións:

- a) Propón a instalación de 8 máquinas de dispensación de café e bebidas quentes nos lugares indicados no Anexo III do PPT.*
- b) Propón a instalación de 3 fontes de auga mineral de dispensación gratuíta nos lugares indicados no Anexo III do PPT.*
- c) Propón a instalación de 3 máquinas de dispensación de snacks e similares nos lugares indicados no Anexo III do PPT.*
- d) Propón a instalación de 3 fontes de auga mineral de dispensación gratuíta nas instalacións municipais en lugares distintos dos indicados no Anexo III do PPT.*
- e) Propón a instalación de 7 máquinas de dispensación de café e bebidas quentes nas instalacións municipais en lugares distintos dos indicados no Anexo III do PPT.*
- f) Propón a instalación de 2 máquinas de dispensación de snacks e similares nas instalacións municipais en lugares distintos dos indicados no Anexo III do PPT.*
- g) Propón un canon anual de 8.520 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Sexto.- O 14 de xuño de 2018, D. Francisco Javier Valverde Ríos, en representación de VIGO EVENTOS, S.L., interpuxo recurso de alzada contra o acordo de exclusión adoptado pola Mesa de Contratación na súa sesión do 3 de maio de 2018.

Sétimo.- Para os efectos de dar cumprimento á esixencia do artigo 118.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con data do 5 de xullo de 2018 deuse audiencia a todos os licitadores admitidos neste procedemento. Durante o prazo concedido non se presentaron alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

-I-

Obxecto do recurso de alzada

É obxecto da presente impugnación o acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o día 3 de maio de 2018, polo que se exclúe a VIGO EVENTOS, S.L. deste procedemento.



Concello de Vigo

-II-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

O recurso de alzada é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra as resolucións e actos aos que se refire o artigo 112.1 da LPAC, cando non poñan fin á vía administrativa.

En primeiro lugar, cómpre analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de inadmisión.

Son causas de inadmisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública.
- b) Carecer de lexitimación o recorrente.
- c) Trátase dun acto non susceptible de recurso.
- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso.
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento.

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de alzada as resolucións e actos aos que se refire o artigo 112.1 da LPAC, cando non poñan fin á vía administrativa (artigo 121.1 LPAC):

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- c) Os que teñan un contido imposible.
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición.
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).

- A realización de actuacións administrativas fora do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo (artigo 48.3 LPAC).

No caso que nos ocupa, dado que os acordos da Mesa de Contratación non poñen fin á vía administrativa, por ter superior xerárquico (a Xunta de Goberno local), procede a interposición dun recurso de alzada (artigo 121 LPAC).

Non concorre no mesmo ningunha das causas de nulidade previstas no artigo 62 da LRJAP, en consecuencia, hai que deducir que o recorrente impugna o acordo amparándose na súa suposta anulabilidade.

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en alzada, hai que estar ás regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en alzada calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos se viran prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación a VIGO EVENTOS, S.L. por ser titular de dereitos ou intereses lexítimos na súa calidade de licitador. A representación do recorrente, D. Francisco Javier Valverde Ríos, consta no expediente.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interperse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo (artigo 121.2 LPAC). O recurso interponse directamente ao órgano competente para resolvelo, a Xunta de Goberno local.

Esixe o artigo 115.1 da LPAC que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias:

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación
- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale para os efectos de notificacións
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas

Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de alzada dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 122.1 LPAC). Dado que o acordo recorrido é de data 3 de maio de 2018 e se notificou ao interesado o 15 de maio de 2018, a interposición do recurso de alzada o 14 de xuño realizouse en prazo.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o seu fondo.



Concello de Vigo

-III-

Tramitación do recurso

En relación coa tramitación do recurso, a lei límitase a establecer un **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:

- Cando teñan que terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).
- Se houbese outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

En base ao anterior, deuse audiencia aos demais licitadores presentados a este procedemento, mediante escrito enviado o 5 de xullo de 2018, para que puidesen alegar o que estimen pertinente.

Durante o prazo concedido, non se presentaron alegacións.

Respecto á **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa inadmisión (artigo 119.1 LPAC). É competente para resolver o recurso de alzada o superior xerárquico do órgano que ditou o acordo, quen decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será de tres meses (artigo 122.2 LPAC).

-IV-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

Solicita o recorrente que se revoque o acordo de exclusión e se lle adxudique o contrato, amparándose nos seguintes motivos de impugnación:

1. A limitación recollida na cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares *“En ningún caso poderá presentarse máis dunha oferta, aínda que se faga mediante sistemas distintos (electrónica ou papel). A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento de referencia”*. Indica o escrito de interposición que *“a limitación en cuestión se refire, exclusivamente, a cada licitador. Isto é, unha oferta por licitador. Non existe ningunha outra limitación. Se o prego tivese querido establecer máis limitacións podería facelo sen maior problema, referíndose, simplemente, ao concepto mercantil de grupo (artigo 43 do Código de Comercio) ou, no se caso, ao de vinculación á que se refire o artigo 18, parágrafo 2, da Lei do imposto sobre sociedades (Lei 27/2014, do 27 de novembro)”*. Conclúe, *“como queira que tal cousa non se ten feito no prego, debe rexer o principio constitucional de liberdade de empresa”*. *“A única prohibición recollida no prego (unha oferta por oferente), nada ten que ver coa presunta violación dos principios alegados na resolución que, en ningún caso quedan amparados por aquela”*.

2. O artigo 145.3 e 4 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, alegando que OH! VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L. non son o mesmo licitador, non son unha unión temporal de empresas, non se trata dun contrato de obras, nin ás referidas empresas lles resulta de aplicación o artigo 42 do Código de Comercio.
3. O artigo 139 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público. Expón o recorrente que *“nova e intencionadamente, se omite toda referencia, tanto á vinculación con outras compañías como á pertenza a un mesmo grupo empresarial”*.
4. A sentenza do Tribunal Supremo, Sala 3ª do Contencioso Administrativo, 24 de outubro de 2011 e o artigo 86.1 do Real decreto 1098/2001, do 12 outubro, polo que se aproba o regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, para defender a admisibilidade de ofertas realizadas por empresas do mesmo grupo, entendendo que merecen a consideración de licitadores distintos.

Analizaremos no fundamento xurídico seguinte as alegacións formuladas no escrito do recurso:

-V-

Un licitador, unha oferta

Esta previsión do prego (cláusula 13 citada polo recorrente) ten o seu amparo nun precepto legal (artigo 145.3 do TRLCSP *“Cada licitador no podrá presentar más de una proposición, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 147 sobre admisibilidad de variantes o mejoras y en el artículo 148 sobre presentación de nuevos precios o valores en el seno de una subasta electrónica. Tampoco podrá suscribir ninguna propuesta en unión temporal con otros si lo ha hecho individualmente o figurar en más de una unión temporal. La infracción de estas normas dará lugar a la no admisión de todas las propuestas por él suscritas”*).

Tal e como se indica no acordo polo que se exclúe ao recorrente, consta na documentación do expediente, OH! VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L. teñen similar obxecto social (hostalería en xeral a mercantil OH VIGO, S.L. e organización de eventos e hostalería a mercantil VIGO EVENTOS, S.L.), o mesmo socio único (D. Francisco Javier Valverde Ríos), o mesmo correo electrónico (javier@grupoohvigo.com) o mesmo “administrador único” e o mesmo representante legal (D. Francisco Javier Valverde Ríos); ambas proposicións foron presentadas no Rexistro xeral o mesmo día, 7 de marzo de 2017, e á mesma hora (ás 13 horas 12 minutos a primeira delas, e ás 13 horas 14 minutos a segunda); así mesmo no expediente consta documento de execución de títulos xudiciais 000028/2013 ditado polo Xulgado nº 2 de Vigo en data 11 de xullo de 2017 no Procedemento Ordinario 1327/2012 no que se fai constar que ambas sociedades, “OH VIGO S.L.” e “VIGO EVENTOS S.L.”, teñen sido condenadas de forma solidaria en virtude de demanda interposta polos mesmos dezasete traballadores.

Todos os anteriores datos permiten deducir que estamos ante un mesmo empresario -licitador-, actuando a través de dúas diferentes empresas (distinta personalidade xurídica) que presenta no mesmo procedemento e ao mesmo tempo dúas proposicións, contravindo o principio de proposición única xa mencionado. Como xa se mencionou no acordo de exclusión un licitador non pode licitar contra si mesmo (Resolución 3/2012, de 18 de xaneiro de 2012, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Madrid).



Concello de Vigo

Non se cuestiona que existan dúas personalidades xurídicas baixo as denominacións sociais de OH VIGO S.L. e VIGO EVENTOS S.L., non se dubida en absoluto que non concorreron en UTE, nin se tivo en conta se pertencen ou non ao mesmo grupo de empresas por non tratarse dun contrato de obras e, consecuentemente, non resultar de aplicación.

O motivo polo que a Mesa de Contratación acordou excluír á recurrente é a concorrencia de *“probas indiciarias suficientes para deducir razoadamente a certeza dunha dobre proposición do mesmo licitador no procedemento de adxudicación conculcándose de plano, en prexuízo dos demais licitadores, o artigo 145.3 do TRLCSP”*.

Tal e como indica o acordo da Mesa de Contratación que se recorre, *“a pesar das normas de cobertura (liberdade na constitución de empresa), a pesar da diferenza formal de ambas sociedades no que é a súa personalidade xurídica, o seu patrimonio e a súa denominación social, a pesar de que neste intre non resulta probado que ambas empresas compartan clientes ou provedores; a pesar, tamén, da presumible ausencia de relación entre OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L., o certo e indubitado é que existe unha persoa física -o administrador único e socio único- que é un e o mesmo en ambas mercantís e que ten retirado a oferta de OH VIGO, S.L., beneficiando con iso á oferta de VIGO EVENTOS, S.L.”* Isto, xunto coas demais circunstancias recollidas na documentación do expediente e invocadas no acordo da Mesa de Contratación (confusión de traballadores, identidade de actividades, mesmo correo electrónico, condena solidaria...) constitúen probas indiciarias suficientes para deducir a presentación dunha dobre proposición do mesmo licitador, en prexuízo dos demais licitadores, contravindo o artigo 145.3 do TRLCSP.

Este artigo non só impide que un mesmo licitador, sexa persoa física ou xurídica, presente nun determinado procedemento de adxudicación máis dunha proposición, senón que veda tamén que o mesmo licitador faga máis dunha proposición mediante o mecanismo de interpoñer unha ou varias persoas xurídicas que baixo a cobertura formal da diferente personalidade xurídica, denominación social e patrimonio propio, distinta do resto das persoas físicas ou xurídicas que concorren, permita no fondo conseguir o que o artigo prohíbe, a saber, que cada licitador presente máis dunha oferta, o que constitúe un suposto acabado de fraude de lei. Este é o criterio da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, recollido na sentenza nº 709/2007 que establece que *“Para analizar se nun caso determinado as proposicións que presentan dúas persoas xurídicas distintas nun mesmo procedemento de adxudicación, son en realidade varias proposicións dun mesmo licitador, a xurisprudencia acude xa desde hai tempo ao mecanismo ou técnica coñecida como levantamento do velo. Que trata de descubrir se baixo a aparenza da personalidade xurídica de sociedades ou empresas aparentemente distintas e sen relación ningunha entre elas, nos encontramos en realidade cunha ou varias persoas físicas ou xurídicas que son unhas e as mesmas en tales sociedades ou empresas diferentes (...) Esta técnica do levantamento do velo no caso do artigo 80 do TRLCAP, permite a apreciación do control e dominio efectivo das distintas sociedades licitadoras pola mesma persoa, sen necesidade de facelo mediante un procedemento ou análise ríxida (...)*”.

O efecto derivado da concorrencia de dúas proposicións presentadas por un mesmo empresario é a non admisión de ambas proposicións.

Nada proba o recorrente no seu escrito para xustificar que en realidade non se trata dun mesmo licitador baixo a cobertura de dúas empresas, limitándose unicamente a afirmar que son dúas empresas distintas. Afirma, sen achegar ningún tipo de documentación ou proba que *“ambas entidades contan cos seus propios medios humanos e económicos. Non existe confusión de patrimonios, manteñen as súas obrigas e dereitos, e son moi distintas as súas condicións de solvencia (económica, financeira, técnica e profesional), garantía, etc.”* *“Nada ten que ver ao respecto a condena solidaria recaída na Xurisdición Social”*. *“A independencia económica xustifica por si, a existencia de ofertas independentes e con diverso contido”*.

En definitiva, a recorrente límitase a recoller unha serie de declaracións que non permiten, en absoluto, constatar a existencia de dúas ofertas distintas por licitadores independentes. A recorrente non achega nova información ou documentación que permita poñer en entredito o acordo de exclusión adoptado pola Mesa de Contratación.

Por último, respecto do feito alegado pola recorrente relativo ao descarte da oferta formulada por VIGO EVENTOS, S.L., que *“suporá para o Concello de Vigo unha perda por importe de máis de 113.000 euros”*, cómpre suliñar que o Concello de Vigo ante todo debe velar polo estrito cumprimento da normativa aplicable aínda que iso lle supoña ingresar un canon máis baixo.

-VI- Acordo

O órgano competente para a resolución do recurso de alzada é o órgano superior xerárquico do que ditou o acto recorrido (artigo 121.1 da LPAC).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“1º.- Admitir o recurso de alzada interposto o 14 de xuño de 2018 por D. Francisco Javier Valverde Ríos, en representación de VIGO EVENTOS, S.L., no procedemento aberto para a contratación da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240)

2º.- Desestimar o citado recurso, polas razóns expostas no fundamento xurídico quinto deste informe”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

B) DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. FRANCISCO JAVIER VALVERDE RÍOS, EN REPRESENTACIÓN DE VIGO EVENTOS, S.L., NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA DO CONCELLO, DO COMPLEXO DEPORTIVO DE SAMIL, E DA INSTALACIÓN DE MÁQUINAS DE “VENDING” EN DEPENDENCIAS MUNICIPAIS

Dáse conta do informe-proposta do 15/10/18, asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa do Servizo de Contratación, e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) (PCAP)

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- O 27 de xaneiro de 2017, a Xunta de Goberno local, aprobou o expediente de contratación do servizo de cafetería do Concello, do complexo deportivo de Samil, e da instalación de máquinas de “vending” en dependencias municipais, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de contratación.

A licitación foi obxecto de publicación nos seguintes medios:

- No perfil de contratante, o 13 de febreiro de 2017
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o 17 de febreiro de 2017
- No Diario Oficial de Galicia, o 20 de febreiro de 2018

Rematando o prazo de presentación de ofertas o 7 de marzo de 2017.

O 10 de febreiro de 2017 a Xunta de Goberno local acordou “*Rectificar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares para a licitación da explotación da cafetería na Casa do Concello de Vigo e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos*”

(vending) nas dependencias municipais, unicamente no que se refire ó importe da garantía definitiva a presentar polo adxudicatario, referida na Cláusula 22 do citado prego, garantía que será de 20.000 euros”.

Segundo o certificado expedido polo Rexistro Xeral o 8 de marzo de 2017, durante ese prazo presentaron ofertas os seguintes licitadores:

1. MONTAS & CREPPS, S.L.
2. ANA VÁZQUEZ GIL
3. RESTAURACIÓN A-52, S.L.
4. ATLÁNTICA DE HOSTELERÍA 2012, S.L.
5. ALEJANDRO LÓPEZ YEBRA
6. DRINKS ATLANTIC, S.L.
7. RESTAURATLANTIC 2016, S.L.
8. UTE VIGO VIWES, S.L. - CONSER FOMENTO SERVICIOS, S.L.
9. VIGO EVENTOS, S.L.
10. CHURRERÍA BRETEMA, S.L.U.
11. OH VIGO, S.L.

Segundo.- En base á proposta formulada pola Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 6 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	PUNTOS TOTAIS
1	OH VIGO, S.L.	100
2	VIGO EVENTOS, S.L.	95,39
3	RESTAURACIÓN A-52, S.L.	94,01
4	UTE VIGO VIWES, S.L. e CONSER FOMENTO SERVICIOS, S.L.	93,6
5	CHURRERÍA BRÉTEMA, S.L.U.	93,58
6	ALEJANDRO LÓPEZ YEBRA	93,38
7	RESTAURATLANTIC 2016, S.L.	93,27
8	ATLÁNTICA DE HOSTELERÍA 2012, S.L.	85,69
9	MONTAS Y CREPPS, S.L.	85,69
10	DRINKS ATLANTIC, S.L.	82,41
11	ANA VÁZQUEZ GIL	53

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OH VIGO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):



Concello de Vigo

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Durante o prazo concedido, OH VIGO S.L. non presentou a documentación requirida, polo que se entendeu retirada a súa oferta (artigo 151.2 do TRLCSP).

A referida empresa presentou o 25 de abril de 2017, un día despois de rematado o prazo, escrito no que *“comunica a esta mesa a imposibilidade de reunir todos os requisitos esixidos no prego administrativo”*. Achega certificados de non ter débedas coa Axencia Tributaria e a Xunta de Galicia, a declaración do IVE de 2016 e un escrito de Caixa Bank sobre a concesión dun aval bancario por importe de 20.000 euros que *“está sendo obxecto de estudo e análise por parte desta Entidade”* xunto cunha *“consulta detalle de préstamo”*.

Terceiro.- Na sesión do 4 de maio de 2017 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Tendo en conta que o licitador clasificado en primeiro lugar OH VIGO, S.L. non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP no prazo concedido, así como o seu escrito de data 25 de abril de 2017 de renuncia á licitación “por imposibilidade de cumprir o aval bancario nestes intres” e o certificado expedido pola Tesourería Municipal o 28 de abril de 2017 no que se fai constar que OH VIGO, S.L. ten débedas de natureza tributaria con este Concello, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propón á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta de que o licitador clasificado en primeiro lugar, OH VIGO, S.L., non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP no prazo sinalado, polo que se entende que retirou a súa oferta. Así mesmo, o citado licitador presentou con data do 25 de abril de 2017 un escrito de renuncia á licitación “por imposibilidade de cumprir o aval bancario nestes intres” e, segundo consta no certificado expedido pola Tesourería Municipal o 28 de abril de 2017 esta empresa ten débedas de natureza tributaria pendentes de pagamento na vía de constrinximento con este Concello.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, VIGO EVENTOS, S.L., seguindo a orde de clasificación acordada pola Xunta de Goberno local na sesión do 6 de abril de 2017, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Este acordo foi notificado a VIGO EVENTOS, S.L. o 4 de maio de 2018, que presentou a documentación o 18 de maio.

Cuarto.- A Xunta de Goberno, na súa sesión do 10 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- A mercantil OH VIGO S.L. ofertou na licitación un canon de 41.300,00 €, obtendo no trámite de clasificación 100 puntos e o primeiro posto; a mercantil VIGO EVENTOS S.L. ofertou un canon de 16.100,00 €, obtendo no trámite de clasificación 95,39 puntos e o segundo posto.

Na sesión do 6 de abril de 2017 a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acordou a clasificación das empresas licitadoras e requiriu a OH VIGO S.L., primeira clasificada, ao obxecto de que no prazo de dez días presentara, (i) declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, (ii) certificacións de estar ao corrente nas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social, (iii) a documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do PCAP, (iv) o resguardo da garantía definitiva e (v) o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación.

Durante o prazo concedido, OH VIGO S.L. non presentou a documentación requirida, razón suficiente para entender, en aplicación do previsto no último parágrafo do artigo 151.2 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 3 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP), norma de aplicación, a retirada da oferta presentada por OH VIGO S.L., razón pola que se procedeu a requirir a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar, VIGO EVENTOS S.L.

Segundo.- Examinada a documentación que consta no expediente, a Mesa de Contratación ten observado que ambas sociedades teñen similar obxecto social (hostalería en xeral a mercantil OH VIGO, S.L. e organización de eventos e hostalería a mercantil VIGO EVENTOS, S.L.), o mesmo socio único (D. Francisco Javier Valverde Ríos), o mesmo correo electrónico (javier@grupoohvigo.com) o mesmo “administrador único” e o mesmo representante legal (D. Francisco Javier Valverde Ríos); ambas proposicións foron presentadas no Rexistro xeral o mesmo día, 7 de marzo de 2017, e á mesma hora (ás 13 horas 12 minutos a primeira delas, e ás 13 horas 14 minutos a segunda); así mesmo no expediente consta documento de execución de títulos xudiciais 000028/2013 ditado polo Xulgado nº 2 de Vigo en data 11 de xullo de 2017 no Procedemento Ordinario 1327/2012 no que se fai constar que ambas sociedades, “OH VIGO S.L.” e “VIGO EVENTOS S.L.”, teñen



Concello de Vigo

sido condenadas de forma solidaria en virtude de demanda interposta polos mesmos dezasete traballadores.

Terceiro.- Á vista de tales circunstancias a Mesa de Contratación, considerando que afectan aos principios que rexen a contratación do sector público tales como a concorrencia competitiva, igualdade, transparencia, ou deber de segredo, dirixiuse o 3 de outubro de 2017 á Comisión Galega da Competencia e o 21 de agosto de 2017 á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Xunta de Galicia ao obxecto de determinar a posible vinculación das empresas licitadoras e os seus efectos no procedemento licitatorio.

A Comisión Galega da Competencia, mediante escrito que tivo entrada o 27 de outubro de 2017 declinou a emisión de informe alegando que non ten atribuídas competencias específicas no ámbito da contratación pública; pola súa parte a Xunta Consultiva, a data de hoxe, non ten emitido o informe solicitado que foi reiterado o 9 de outubro de 2017, o 6 de novembro de 2017 e o 28 de febreiro de 2018.

Cuarto.- O TRLCSP no artigo 139, obriga aos órganos de contratación a realizar un tratamento igualitario e non discriminatorio, debendo axustar a súa actuación ao principio de transparencia; o artigo 145.2 da mesma norma advirte que as proposicións serán secretas, é dicir, do exclusivo coñecemento de quen as formula; o apartado 3 do mesmo artigo sinala que cada licitador non poderá presentar mais dunha proposición.

A finalidade dos empresarios que concorren á licitación dun contrato público é a de ser o adxudicatario dese contrato que coa observancia dos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade no trato entre os candidatos, ten que adxudicarse á proposición economicamente máis vantaxosa, artigo 1 TRLCSP.

Non é posible que un mesmo empresario, actuando a través de dúas diferentes empresas (distinta personalidade xurídica) presente no mesmo procedemento e ao mesmo tempo dúas proposicións, pois tal actuar contravén o principio de proposición única xa mencionado. Ademais un licitador non pode licitar contra si mesmo (Resolución 3/2012, de 18 de xaneiro de 2012, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Madrid).

O principio de igualdade garante que os diferentes empresarios interesados nunha contratación ostenten idénticas oportunidades; se un licitador presenta máis dunha oferta tal feito lle coloca nunha situación de vantaxe en relación cos demais que concorren á contratación, supoñendo iso unha manipulación do procedemento en canto á selección da proposición máis vantaxosa.

Quinto.- Carece de lóxica e razón que un mesmo "administrador único", a quen lle corresponde a xestión empresarial das sociedades ás que representa, presente nun mesmo procedemento licitatorio dúas ofertas contraditorias, pois en todo caso nunha delas está renunciando á adxudicación do contrato a non ser que tal actuar discordante implique o móbil instrumental de retirar con posterioridade a oferta que lle resulta máis gravosa -que coincide coa máis vantaxosa para a Administración- beneficiando con iso á oferta que lle resulta menos onerosa que coincide coa menos favorable para a Administración municipal.

Este, como consta no expediente, ten sido o subterfuxio, a estratexia, de D. Francisco Javier Valverde Ríos, administrador único e socio único das mercantís OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L., un ardid que determina o prezo, neste caso o “canon”, do contrato.

Sexto.- Conforme tales circunstancias e feitos, a pesar das normas de cobertura (liberdade na constitución de empresa), a pesar da diferenza formal de ambas sociedades no que é a súa personalidade xurídica, o seu patrimonio e a súa denominación social, a pesar de que neste intre non resulta probado que ambas empresas compartan clientes ou provedores; a pesar, tamén, da presumible ausencia de relación entre OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L., o certo e indubitado é que existe unha persoa física -o administrador único e socio único- que é un e o mesmo en ambas mercantís e que ten retirado a oferta de OH VIGO, S.L., beneficiando con iso á oferta de VIGO EVENTOS, S.L. Estes feitos e os demais citados (confusión de traballadores, identidade de actividades, mesmo correo electrónico, condena solidaria...) constitúen probas indiciarias suficientes para deducir razoadamente a certeza dunha dobre proposición do mesmo licitador no procedemento de adxudicación conculcándose de plano, en prexuízo dos demais licitadores, o artigo 145.3 do TRLCSP. O efecto derivado da concorrencia de dúas propostas presentadas por un mesmo empresario é a non admisión de ambas.

A este respecto, a sentenza nº 709/2007, Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, nos seus fundamentos de dereito dispón “Neste sentido a efectividade do mandato do artigo 80 do TRLACAP (hoxe artigo 145.3) non só impide que un mesmo licitador, sexa persoa física ou xurídica, presente nun determinado procedemento de adxudicación máis dunha proposición, senón que veda tamén que o mesmo licitador faga máis dunha proposición mediante o mecanismo de interpoñer unha ou varias persoas xurídicas que baixo a cobertura formal da diferente personalidade xurídica, denominación social e patrimonio propio, distinta do resto das persoas físicas ou xurídicas que concorren, permita no fondo conseguir o que el artigo prohíbe, a saber, que cada licitador presente máis dunha oferta, o que constitúe un suposto acabado de fraude de lei. Para analizar se nun caso determinado as proposicións que presentan dúas persoas xurídicas distintas nun mesmo procedemento de adxudicación, son en realidade varias proposicións dun mesmo licitador, a xurisprudencia acude xa desde hai tempo ao mecanismo ou técnica coñecida como levantamento do velo. Que trata de descubrir se baixo a aparencia da personalidade xurídica de sociedades ou empresas aparentemente distintas e sen relación ningunha entre elas, nos encontramos en realidade cunha ou varias persoas físicas ou xurídicas que son unhas e as mesmas en tales sociedades ou empresas diferentes.(...) Esta técnica do levantamento do velo no caso do artigo 80 do TRLCAP, permite a apreciación do control e dominio efectivo das distintas sociedades licitadoras pola mesma persoa, sen necesidade de facelo mediante un procedemento ou análise rixida (...)”.

Pola súa parte, a Sentenza nº 199/2002 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña nun caso similar, dispón que “A exclusión realízase con fundamento na prohibición de proposicións simultáneas regulado no artigo 81 da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das Administracións Públicas (...) A xuízo da Administración, concorre verdadeiramente esa identidade de licitadores a pesar da súa diferenza formal. Presentáronse dúas empresas cun mesmo representante legal; unha empresa individual da que é titular o recorrente e unha sociedade limitada da que é administrador único ...(..) Todas estas circunstancias acreditan o acerto da resolución impugnada polo que procede a desestimación deste recurso (...).”



Concello de Vigo

Sétimo.- Na interpretación do artigo 6.4 do Código Civil é doutrina reiterada do Tribunal Supremo a non esixencia de proba de intencionalidade, unha intencionalidade que inclusive é de apreciar neste expediente.

O fraude de lei «require como elemento esencial, un acto ou serie de actos que, pese á súa aparencia de legalidade, violan o contido ético dos preceptos nos que se amparan, xa se teña ou non conciencia de burlar a Lei» (SSTS, entre outras, 17.04.1997; 3.02.1998 e 21.12.2000). Caracterízase (SSTS de 4.11.1994; 23.01.1999; 27.5.2001; 13.06.2003 e outras) pola presenza de dúas normas: a coñecida como «norma de cobertura», que é á que se acolle quen intenta o fraude, e a que, a través desta, se pretende eludir, denominada «norma eludible ou soslaiable», ademais ten que perseguir un resultado contrario ao ordenado ou prohibido imperativamente. O fraude de lei «é unha manifestación obxectiva que xorde, e é de apreciar, pola concorrencia dos requisitos que o configuran», STS 02.03.2006.

No fraude de lei é preciso que quen o propugna subministre ao xulgador os elementos de feito precisos, puntuais e rigorosos para levar o seu ánimo o convencemento de que co o procedemento empregado se ten evitado a actuación da norma infrinxida, neste caso o artigo 145.3 do TRLCSP.

Oitavo.- Tamén cabe falar de “abuso de dereito” no uso da personalidade xurídica societaria; a presentación da oferta de VIGO EVENTOS, S.L. por parte de D. Francisco Javier Valverde Ríos implica, en inicio, unha evidente e manifesta inexistencia de utilidade material, conduta impropia da dilixencia que se presume de calquera administrador societario, en tanto en canto D. Javier Valverde Ríos, coñecedor da oferta de OH VIGO, S.L., era consciente de que a proposición de VIGO EVENTOS, S.L. -ao ofertar un “canon” sensiblemente inferior a ofertado por OH VIGO, S.L.- en ningún caso podería ser adxudicatária no procedemento licitatorio ao non ser que a mercantil OH VIGO, S.L. renunciara á súa oferta, feito ou ardid que finalmente tivo lugar. Razón suficiente para manifestar sen inquietude que a presentación da oferta de VIGO EVENTOS, S.L. tan só tiña un fin, posibilitar a retirada da oferta presentada por OH VIGO, S.L., primeira clasificada, no suposto de que a súa fora clasificada en segundo lugar. Este comportamento causa dano aos terceiros licitadores no procedemento.

Noveno.- D. Javier Valverde Ríos é o administrador único e o representante legal das mercantís OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L., ambas mercantís teñen o mesmo socio único, o mesmo obxecto social, o mesmo correo electrónico e teñen sido demandadas polos mesmos traballadores. No procedemento de licitación, concluído o trámite de clasificación de ofertas, D. Javier Valverde Ríos, non presentou a documentación requirida retirando, en consecuencia, a proposición clasificada en primeiro lugar, OH VIGO, S.L., en exclusivo beneficio da mercantil VIGO EVENTOS, S.L.

Todas estas circunstancias son indicios suficientes para acreditar que, ao abeiro de distinto CIF, de distinta personalidade xurídica -normas de cobertura- D. Javier Valverde Ríos, alcanza o obxectivo de presentar, no procedemento de licitación para a adxudicación do servizo de cafetería no Concello de Vigo, dúas proposicións, conseguindo con iso un resultado prohibido polo ordenamento xurídico ao vulnerar o artigo 145.3 do TRLCSP. Razón suficiente para entender que, neste contexto e contido ético, tal actuación ten sido

executada en fraude de lei, artigo 6.4 do Código Civil, e con abuso de dereito, articulo 7.2 da mesma norma, o que non impide nin a aplicación da norma defraudada co fin de evitar a utilización da distinta personalidade xurídica societaria como instrumento defraudatorio, nin a adopción de medidas administrativas que impidan a persistencia no abuso que non poden ser outras que as de rexeitar ambas proposicións.

De conformidade co exposto, seguindo a S. 199/2002 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña e a S. 709/2007, da mesma sala do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, que resolven casos similares ao proposto, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade excluír deste procedemento a VIGO EVENTOS, S.L., representada por D. Francisco Javier Valverde Ríos, administrador único e socio único desta empresa e de OH VIGO, S.L., como administrador único e socio único, de conformidade co previsto no artigo 145.3 do TRLCSP e propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:

- 1. “Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 3 de maio de 2018 do licitador clasificado en segundo lugar, VIGO EVENTOS, S.L., por vulnerar o artigo 145.3 do TRLCSP (“cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición”).*
- 2. Requirir ao licitador clasificado en terceiro lugar, RESTAURACIÓN A-52, S.L., seguindo a orde de clasificación acordada pola Xunta de Goberno local na sesión do 6 de abril de 2017, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*
 - Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
 - Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
 - A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
 - Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 3. Requirir ao licitador clasificado en terceiro lugar o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

Este acordo foi notificado ao licitador excluído, VIGO EVENTOS, S.L. e ao licitador clasificado en primeiro lugar, RESTAURACIÓN A-52, S.L. Este último presentou a documentación requirida o día 14 de maio de 2018, dentro do prazo concedido.

Quinto.- Con data do 7 de xuño de 2018 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a RESTAURACIÓN A-52, S.L. o procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) coas seguintes condicións:

- a) Propón a instalación de 8 máquinas de dispensación de café e bebidas quentes nos lugares indicados no Anexo III do PPT.*



Concello de Vigo

- b) *Propón a instalación de 3 fontes de auga mineral de dispensación gratuíta nos lugares indicados no Anexo III do PPT.*
- c) *Propón a instalación de 3 máquinas de dispensación de snacks e similares nos lugares indicados no Anexo III do PPT.*
- d) *Propón a instalación de 3 fontes de auga mineral de dispensación gratuíta nas instalacións municipais en lugares distintos dos indicados no Anexo III do PPT.*
- e) *Propón a instalación de 7 máquinas de dispensación de café e bebidas quentes nas instalacións municipais en lugares distintos dos indicados no Anexo III do PPT.*
- f) *Propón a instalación de 2 máquinas de dispensación de snacks e similares nas instalacións municipais en lugares distintos dos indicados no Anexo III do PPT.*
- g) *Propón un canon anual de 8.520 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Sexto.- O 14 de xuño de 2018, D. Francisco Javier Valverde Ríos, en representación de VIGO EVENTOS, S.L., interpuxo recurso de alzada contra o acordo de exclusión adoptado pola Mesa de Contratación na súa sesión do 3 de maio de 2018.

Sétimo.- Con data do 25 de xuño de 2018, D. Francisco Javier Valverde Ríos, en representación de VIGO EVENTOS, S.L., interpuxo recurso de reposición contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do 7 de xuño de 2018 de adxudicación deste procedemento a RESTAURACIÓN A-52, S.L.

Para os efectos de dar cumprimento á esixencia do artigo 118.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con data do 5 de xullo de 2018 deuse audiencia a todos os licitadores admitidos neste procedemento dos recursos presentados. Durante o prazo concedido non se presentaron alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

-I-

Obxecto do recurso de reposición

É obxecto desta impugnación o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local o 7 de xuño de 2018 polo que se adxudica este procedemento.

-II-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

O recurso de reposición é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa (artigo 112.1 LPAC).

En primeiro lugar, é preciso analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de inadmisión.

Son causas de inadmisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública
- b) Carecer de lexitimación o recorrente
- c) Tratarse dun acto non susceptible de recurso
- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de reposición os actos que poñan fin á vía administrativa (artigo 123.1 LPAC), sendo tales (artigo 114 LPAC):

- a) As resolucións dos recursos de alzada.
- b) As resolucións dos procedementos de impugnación a que se refire o artigo 112.2.
- c) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha Lei estableza o contrario.
- d) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento.
- e) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, calquera que fose o tipo de relación, pública ou privada, de que derive.
- f) A resolución dos procedementos complementarios en materia sancionadora aos que se refire o artigo 90.4.
- g) As demais resolucións de órganos administrativos cando unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza.

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- c) Os que teñan un contido imposible.
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición.
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:



Concello de Vigo

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).
- A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo (artigo 48.3 LPAC).

No caso que nos ocupa, dado que os acordos do órgano de contratación poñen fin á vía administrativa por carecer de superior xerárquico, tratase dun acto recorrible en reposición (artigo 114.c LPAC).

Non concorre no mesmo ningunha das causas de nulidade previstas no artigo 62 da LRJAP, en consecuencia, hai que deducir que o recorrente impugna o acordo de adxudicación amparándose na suposta anulabilidade do mesmo, motivada pola previa exclusión do procedemento de VIGO EVENTOS, S.L.

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en reposición, hai que estar as regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en reposición calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexitimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación a VIGO EVENTOS, S.L. por ser titular de dereitos ou intereses lexitimos na súa calidade de licitador.

A representación do recorrente, D. Francisco Javier Valverde Ríos, consta no expediente.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interperse ante o órgano que ditou o acto que se impugna (artigo 123.1 LPAC), e esixe que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias (artigo 115.1 LPAC):

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal.
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale a efectos de notificacións.
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas.

Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto os **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de reposición dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 124.1 LPAC). Dado que o acordo recorrido é de data 7 de xuño de 2017, e notificóuselle ao interesado o 12 de xuño, a interposición do recurso de reposición en data 25 de xuño realizouse en prazo.

Resta analizar se o recurso carece manifestamente de fundamento. Dado que o escrito de recurso está fundamentado, con independencia de que posteriormente se realice unha análise dos motivos de impugnación e se poidan desestimar, non procede inadmitir o recurso por este motivo previsto no artigo 116.e da LPAC.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o fondo dos mesmos.

-III-

Tramitación do recurso

En relación coa tramitación do recurso, a lei límitase a establecer un **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:

- Cando teñan que terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).
- Se houber outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

En base ao anterior, deuse audiencia aos demais licitadores presentados a este procedemento, mediante escrito enviado o 5 de xullo de 2018, para que puidesen alegar o que estimen pertinente.

Durante o prazo concedido non se presentaron alegacións.

Respecto á **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa inadmisión (artigo 119.1 LPAC). É competente para resolver o recurso de reposición o órgano que ditou o acordo, quen decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será de un mes (artigo 124.2 LPAC).

-IV-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

Solicita o recorrente que *“se anule o acordo de adxudicación a favor de RESTAURACIÓN A-52, S.L. e, estimando o recurso de alzada interposto por VIGO EVENTOS, S.L., retrotraia as actuacións ao momento anterior á exclusión desta e, subseguintemente, acorde adxudicar o contrato a VIGO EVENTOS, S.L.”* Solicita tamén o recorrente a suspensión da execución do acto de adxudicación do contrato e *“de estimarse calquera dos recursos interpostos e terse procedido á execución, sequera parcial, do contrato, [...] anuncia a súa intención de solicitar a correspondente indemnización polo lucro cesante deixado de percibir”*.

Os motivos de impugnación recollidos no recurso son os seguintes:

1. A limitación recollida na cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares *“En ningún caso poderá presentarse máis dunha oferta, aínda que se faga mediante sistemas distintos (electrónica ou papel). A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento de referencia”*. Indica o escrito de interposición que *“a limitación en cuestión se refire, exclusivamente, a*



Concello de Vigo

cada licitador. Isto é, unha oferta por licitador. Non existe ningunha outra limitación. Se o prego tivese querido establecer máis limitacións podería facelo sen maior problema, referíndose, simplemente, ao concepto mercantil de grupo (artigo 43 do Código de Comercio) ou, no se caso, ao de vinculación á que se refire o artigo 18, parágrafo 2, da Lei do imposto sobre sociedades (Lei 27/2014, do 27 de novembro)". Conclúe, "como queira que tal cousa non se ten feito no prego, debe rexer o principio constitucional de liberdade de empresa". "A única prohibición recollida no prego (unha oferta por oferente), nada ten que ver coa presunta violación dos principios alegados na resolución que, en ningún caso quedan amparados por aquela".

2. O artigo 145.3 e 4 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, alegando que OH! VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L. non son o mesmo licitador, non son unha unión temporal de empresas, non se trata dun contrato de obras, nin ás referidas empresas lles resulta de aplicación o artigo 42 do Código de Comercio.
3. O artigo 139 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público. Expón o recorrente que *"nova e intencionadamente, se omite toda referencia, tanto á vinculación con outras compañías como á pertenza a un mesmo grupo empresarial"*.
4. A sentenza do Tribunal Supremo, Sala 3ª do Contencioso Administrativo, 24 de outubro de 2011 e o artigo 86.1 do Real decreto 1098/2001, do 12 outubro, polo que se aproba o regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, para defender a admisibilidade de ofertas realizadas por empresas do mesmo grupo, entendendo que merecen a consideración de licitadores distintos.

Cómpre sinalar que estes motivos son exactamente os mesmos que o recorrente empregou no recurso de alzada interposto contra o acordo de exclusión de VIGO EVENTOS, S.L. e que pasamos a analizar, en idénticos termos:

A previsión da cláusula 13 do PCAP de unha oferta por licitador, citada polo recorrente, ten o seu amparo nun precepto legal (artigo 145.3 do TRLCSP *"Cada licitador no poderá presentar máis de una proposición, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 147 sobre admisibilidad de variantes o mejoras y en el artículo 148 sobre presentación de nuevos precios o valores en el seno de una subasta electrónica. Tampoco podrá suscribir ninguna propuesta en unión temporal con otros si lo ha hecho individualmente o figurar en más de una unión temporal. La infracción de estas normas dará lugar a la no admisión de todas las propuestas por él suscritas"*).

Consta na documentación do expediente que OH! VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L. teñen similar obxecto social (hostalería en xeral a mercantil OH VIGO, S.L. e organización de eventos e hostalería a mercantil VIGO EVENTOS, S.L.), o mesmo socio único (D. Francisco Javier Valverde Ríos), o mesmo correo electrónico (javier@grupoohvigo.com) o mesmo "administrador único" e o mesmo representante legal (D. Francisco Javier Valverde Ríos); ambas proposicións foron presentadas no Rexistro xeral o mesmo día, 7 de marzo de 2017, e á mesma hora (ás 13 horas 12 minutos a primeira delas, e ás 13 horas 14 minutos a segunda); así mesmo no expediente consta documento de execución de títulos xudiciais 000028/2013 ditado polo Xulgado nº 2 de Vigo en data 11 de xullo de 2017 no Procedemento Ordinario 1327/2012 no que se fai constar que ambas sociedades, "OH VIGO S.L." e "VIGO EVENTOS S.L.", teñen sido condenadas de forma solidaria en virtude de demanda interposta polos mesmos dezasete traballadores.

Todos os anteriores datos permiten deducir que estamos ante un mesmo empresario -licitador-, actuando a través de dúas diferentes empresas (distinta personalidade xurídica) que presenta no mesmo procedemento e ao mesmo tempo dúas proposicións, contravindo o principio de proposición única xa mencionado. Como xa se mencionou no acordo de exclusión, un licitador non pode licitar contra si mesmo (Resolución 3/2012, de 18 de xaneiro de 2012, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Madrid).

Non se cuestiona que existan dúas personalidades xurídicas baixo as denominacións sociais de OH VIGO S.L. e VIGO EVENTOS S.L., non se dubida en absoluto que non concorreron en UTE, nin se tivo en conta se pertencen ou non ao mesmo grupo de empresas por non tratarse dun contrato de obras e, consecuentemente, non resultar de aplicación.

O motivo polo que a Mesa de Contratación acordou excluír á recorrente é a concurrencia de *“probas indiciarias suficientes para deducir razoadamente a certeza dunha dobre proposición do mesmo licitador no procedemento de adxudicación conculcándose de plano, en prexuízo dos demais licitadores, o artigo 145.3 do TRLCSP”*.

Tal e como indica o acordo da Mesa de Contratación, *“a pesar das normas de cobertura (liberdade na constitución de empresa), a pesar da diferenza formal de ambas sociedades no que é a súa personalidade xurídica, o seu patrimonio e a súa denominación social, a pesar de que neste intre non resulta probado que ambas empresas compartan clientes ou provedores; a pesar, tamén, da presumible ausencia de relación entre OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L., o certo e indubitado é que existe unha persoa física -o administrador único e socio único- que é un e o mesmo en ambas mercantís e que ten retirado a oferta de OH VIGO, S.L., beneficiando con iso á oferta de VIGO EVENTOS, S.L.”* Isto, xunto coas demais circunstancias recollidas na documentación do expediente e invocadas no acordo da Mesa de Contratación (confusión de traballadores, identidade de actividades, mesmo correo electrónico, condena solidaria...) constitúen probas indiciarias suficientes para deducir a presentación dunha dobre proposición do mesmo licitador, en prexuízo dos demais licitadores, contravindo o artigo 145.3 do TRLCSP.

Este artigo non só impide que un mesmo licitador, sexa persoa física ou xurídica, presente nun determinado procedemento de adxudicación máis dunha proposición, senón que veda tamén que o mesmo licitador faga máis dunha proposición mediante o mecanismo de interpoñer unha ou varias persoas xurídicas que baixo a cobertura formal da diferente personalidade xurídica, denominación social e patrimonio propio, distinta do resto das persoas físicas ou xurídicas que concorren, permita no fondo conseguir o que o artigo prohíbe, a saber, que cada licitador presente máis dunha oferta, o que constitúe un suposto acabado de fraude de lei. Este é o criterio da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, recollido na sentenza nº 709/2007 que establece que *“Para analizar se nun caso determinado as proposicións que presentan dúas persoas xurídicas distintas nun mesmo procedemento de adxudicación, son en realidade varias proposicións dun mesmo licitador, a xurisprudencia acude xa desde hai tempo ao mecanismo ou técnica coñecida como levantamento do velo. Que trata de descubrir se baixo a aparencia da personalidade xurídica de sociedades ou empresas aparentemente distintas e sen relación ningunha entre elas, nos encontramos en realidade cunha ou varias persoas físicas ou xurídicas que son unhas e as mesmas en tales sociedades ou empresas diferentes (...) Esta*



Concello de Vigo

técnica do levantamento do velo no caso do artigo 80 do TRLCAP, permite a apreciación do control e dominio efectivo das distintas sociedades licitadoras pola mesma persoa, sen necesidade de facelo mediante un procedemento ou análise rixida (...)”.

O efecto derivado da concorrencia de dúas proposicións presentadas por un mesmo empresario é a non admisión de ambas proposicións.

Nada proba o recorrente no seu escrito para xustificar que en realidade non se trata dun mesmo licitador baixo a cobertura de dúas empresas, limitándose unicamente a afirmar que son dúas empresas distintas. Afirma, sen achegar ningún tipo de documentación ou proba que *“ambas entidades contan cos seus propios medios humanos e económicos. Non existe confusión de patrimonios, manteñen as súas obrigas e dereitos, e son moi distintas as súas condicións de solvencia (económica, financeira, técnica e profesional), garantía, etc.”* *“Nada ten que ver ao respecto a condena solidaria recaída na Xurisdición Social”*. *“A independencia económica xustifica por si, a existencia de ofertas independentes e con diverso contido”*.

En definitiva, o recorrente límitase a recoller unha serie de declaracións que non permiten, en absoluto, constatar a existencia de dúas ofertas distintas por licitadores independentes. A recorrente non achega nova información ou documentación que permita poñer en entredito o acordo de exclusión adoptado pola Mesa de Contratación, e consecuentemente, a o acordo de adxudicación a favor de RESTAURACIÓN A-52, S.L..

Respecto do feito alegado polo recorrente relativo ao descarte da oferta formulada por VIGO EVENTOS, S.L., que *“suporá para o Concello de Vigo unha perda por importe de máis de 113.000 euros”*, cómpre suliñar que o Concello de Vigo ante todo debe velar polo estrito cumprimento da normativa aplicable aínda que iso lle supoña ingresar un canon máis baixo.

Por último, en relación coa solicitude de suspensión do acordo de adxudicación, cómpre indicar que o artigo 117 da LPAC establece que *“a interposición de calquera recurso, excepto nos casos nos que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado. No entanto o disposto no apartado anterior, o órgano a quen competa resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o ocasionado ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran algunha das seguintes circunstancias:*

- a) Que a execución puidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.*
- b) Que a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 47.1 desta Lei”*.

A execución do acto impugnado entenderase suspendida se transcorrido un mes desde que a solicitude de suspensión tivera entrada no rexistro electrónico da Administración ou organismo competente para decidir sobre ella, o órgano a quen competa resolver o recurso non tivera dictado e notificado resolución expresa ao respecto”.

En consecuencia, a adxudicación do contrato atópase suspendida ao non terse resolto o recurso no prazo previsto legalmente.

Dado que non se trata dun servizo esencial e a súa prestación conleva a execución de obras polo adxudicatario, cómpre, por prudencia, manter suspendida a adxudicación ata que transcurra o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo. Transcorrido este prazo sen que se interpoña recurso, levantarase automaticamente a suspensión podendo comezar a execución do contrato.

-V-
Acordo

O órgano competente para a resolución dos recursos, tanto de alzada como de reposición, é a Xunta de Goberno local (artigo 121.1 e 123.1 da LPAC).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

"Admitir o recurso de reposición interposto o 25 de xuño de 2018 por D. Francisco Javier Valverde Ríos, en representación de VIGO EVENTOS, S.L., no procedemento aberto para a contratación da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240).

2º.- Desestimar o citado recurso polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe.

3º. Levantar automaticamente a suspensión da adxudicación do contrato se, transcorrido o prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo, non se presentase recurso ningún".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1164).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO TÉCNICO Á OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO E FORMACIÓN ÁS PERSOAS VOLUNTARIAS E ENTIDADES DE VOLUNTARIADO. EXPTE. 578/322.

Dáse conta da proposta do 10/10/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

10.- Propostas de clasificación/clasificación

d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno



Concello de Vigo

local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322) na seguinte orde descendente:

LOTE I “Apoio técnico”	
Licitadores	TOTAL
ATELIER SOCIAL, S.L.	80,07
ATLANTIC PONTE 2000	79,40

LOTE II “Formación voluntarios e entidades”	
Licitadores	TOTAL
ATELIER SOCIAL, S.L.	85,22
XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL	82,01
PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY	66,01

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, ATELIER SOCIAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(1165).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZO DOS APARCAMENTOS SUBTERRÁNEOS DE JENARO DE LA FUENTE E AVDA. CASTELAO. EXPTE. 1789/449.

Visto o informe de fiscalización do 15/10/18, dáse conta do informe-proposta do 11/10/18, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789-449)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 19 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449) na seguinte orde descendente:

LICITADORES	Puntuación total
<i>UTE WELGOOD CARSHARING, SLU e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, SA</i>	<i>95,4</i>
<i>UTE HINOBEPA, SL -INVERSIONES TURIAPARK, SL</i>	<i>85,27</i>
<i>EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS S.A.</i>	<i>53,79</i>

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE WELGOOD CARSHARING, SLU e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*



Concello de Vigo

3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.742,70 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., o día 26 de xullo de 2018, que presenta a documentación requirida o 8 de agosto, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de agosto de 2018 revisou a documentación presentada e acordou requirir á UTE a súa emenda nun prazo de tres días hábiles. Dentro do referido prazo a UTE presentou a documentación requirida.

Esta documentación foi revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 4 de outubro de 2018, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 26 de xuño e 6 de xullo de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. o procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castela (1.789- 449) coas seguintes condicións:

- a) Propón un 6% de diminución lineal das tarifas máximas fixadas para cada anualidade na cláusula 8.2 do PCAP polo uso rotatorio das prazas de aparcadoiro.*
- b) Incrementa o canon concesional previsto na cláusula 7 do PCAP (120.000 euros) en 17.760 euros/ano, resultando un canon total anticipado de 3.444.000 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1166).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A INTEGRACIÓN DOS SISTEMAS DE XESTIÓN DA RECADACIÓN MUNICIPAL CO XESTOR DE EXPEDIENTES CORPORATIVO E A XESTIÓN TRIBUTARIA E ADAPTACIÓN DO MODELO DE DATOS DE TERCEIROS EN XESTIÓN TRIBUTARIA AO SISTEMA INTEGRADO DE POBOACIÓN. EXPTE. 8532/113.

Visto o informe de fiscalización do 09/10/18, dáse conta do informe-proposta do 09/10/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a integración dos sistemas de xestión da recadación municipal co xestor de expedientes corporativo e a xestión tributaria e adaptación do modelo de datos de terceiros en xestión tributaria ao sistema integrado de poboación (8.532-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a integración dos sistemas de xestión da recadación municipal co xestor de expedientes corporativo e a xestión tributaria e adaptación do modelo de datos de terceiros en xestión tributaria ao sistema integrado de poboación (8.532-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 6 de setembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para a integración dos sistemas de xestión da recadación municipal co xestor de expedientes corporativo e a xestión tributaria e adaptación do modelo de datos de terceiros en xestión tributaria ao sistema integrado de poboación (8.532-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.	100

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., o día 11 de setembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 24 de setembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos

membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliábel mediante xuízo de valor de data 22 de agosto de 2018 e co acordo da Mesa de Contratación do 31 de agosto polo que se lle outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliábel a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a integración dos sistemas de xestión da recadación municipal co xestor de expedientes corporativo e a xestión tributaria e adaptación do modelo de datos de terceiros en xestión tributaria ao sistema integrado de poboación (8.532-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 77.311,74 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.417,74 euros.*
- b) Propón unha redución do prazo de entrega de 4 meses, polo que o prazo de entrega será de 5 meses.*
- c) Propón ampliar o prazo de garantía en 4 anos (total 5 anos).*



Concello de Vigo

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1167).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE FROITAS E HORTALIZAS PARA A FAUNA EN VIGOZOO. EXPTE. 9241/612.

Visto o informe de fiscalización do 09/10/18, dáse conta do informe-proposta do 09/10/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna en Vigozoo (9.241-612)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna en Vigozoo (9.241-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 21 de setembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación do

subministro de froitas e hortalizas para a fauna en Vigozoo (9.241-612) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	FRUTAS NIEVES, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FRUTAS NIEVES, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 159.4f da LCSP):

1. Acreditación da constitución garantía definitiva.
2. Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego.

Así mesmo, ao non esixirse neste procedemento a súa inscrición obrigatoria no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público ou no rexistro da correspondente CCAA, o licitador deberá presentar a seguinte documentación:

1. Ao tratarse dunha persoa xurídica, acreditación da válida constitución e obxecto social.
2. Capacidade de obrar.
3. Poder bastante con que actúe o seu representante, no seu caso.
4. Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
5. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 do Anexo I -FEC- do PCAP”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, FRUTAS NIEVES, S.L., o día 28 de setembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 5 de outubro de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FRUTAS NIEVES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Concello de Vigo

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FRUTAS NIEVES, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 21 de setembro de 2018 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a FRUTAS NIEVES, S.L. o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna en Vigozoo (9.241-612) por un prezo total de 42.226,70 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.624,10 euros, e cunha baixa porcentual única do 6,58% a aplicar aos prezos unitarios recollidos na cláusula 1 do PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1168).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS PRESENTADAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DO PROGRAMA DE XIMNASIA PARA MAIORES, E PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTA. EXPTE. 17091/333.

A) DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR D. PABLO CASAL NÚÑEZ NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICO DOCENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DO PROGRAMA DE “XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES”

Dáse conta do informe-proposta do 15/10/18, asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa do Servizo de Contratación, e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (PCAP)

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- O 30 de agosto de 2018, a Xunta de Goberno local, aprobou o expediente de contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores”, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de contratación.

A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o mesmo día no que se acordou a apertura da licitación, o 30 de agosto de 2018, rematando o prazo de presentación de ofertas o 14 de setembro de 2018 ás 23:59 horas.

Segundo o certificado expedido polo Rexistro Xeral o 18 de setembro de 2018:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 30-08-2018, para a contratación por procedemento aberto de “a prestación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” EXPTE. 17091-333” que rematou o día 14 de setembro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:

Pola plataforma de contratación en sobre electrónico:

1. A BILLARDA, S L
2. SERVIPLUSTOTAL, S L
3. MAREXADA, DEPORTE, LECER E CULTURA S L



Concello de Vigo

Asi mesmo a empresa **Serviplus total SL** enviou fax comunicando envío da oferta en papel que chegou o 17/9/18 e se rexistrou no documento 180150083 e tamen presentou pola web del Concello de Vigo o 14/9/18 os seguintes documentos 180149750 e 180149776 .

Tamen **Pablo Casal Nuñez** enviou fax huella electronica da oferta o dia 14/9/18 , y entregou pola web os documentos 180149787 e 180149784 para dita oferta, e o 17/9/18 presenta un sobre co documento 180150302”.

Segundo.- Segundo consta na acta da sesión da Mesa de Contratación do 18 de setembro de 2018, a secretaria comunicou aos membros asistentes que se recibiu no Servizo de Contratación correo electrónico remitido por PABLO CASAL NÚÑEZ achegando non só a pegada dixital esixida na cláusula 14 do PCAP senón tamén o contido dos tres sobres.

Na mesma sesión se comprobou que tanto SERVIPLUSTOTAL, S.L. como PABLO CASAL NÚÑEZ presentaron a través do Rexistro Xeral o contido sen encriptar das súas ofertas. Tamén se comprobou que a documentación achegada no correo electrónico enviado por PABLO CASAL NÚÑEZ se corresponde coa súa oferta sen encriptar.

Tras a cualificación da documentación presentada, a Mesa acordou, por unanimidade:

- a) *“Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:*
 1. *A BILLARDA, S.L.*
 2. *MAREXADA, DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L.*

- b) *Non admitir neste procedemento a PABLO CASAL NÚÑEZ e SERVIPLUSTOTAL, S.L. por non ter cumprido os requisitos de presentación das proposicións esixidos na cláusula 14 do PCAP e non respectar o segredo das proposicións, ao ter presentado as súas ofertas sen encriptar a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.*

O artigo 139.2 da LCSP establece que “as proposicións serán segredas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter ata o momento de apertura das proposicións, sen prexuízo do disposto nos artigos 143, 175 e 179 en canto á información que debe facilitarse aos participantes nunha poxa electrónica, nun diálogo competitivo, ou nun procedemento de asociación para a innovación”. A disposición adicional 15ª da LCSP tamén establece o deber de garantir que o contido das ofertas non sexa coñecido ata despois de finalizado o prazo para a súa presentación e ata o momento fixado para a súa apertura. Isto non foi posible porque ambos licitadores achegaron a través do Rexistro Xeral as súas ofertas sen encriptar.

Por outra banda, se ben o PCAP prevé na cláusula 13.5 do PCAP que “a presentación das proposicións deste procedemento realizárase a través da plataforma electrónica de contratación do Concello de Vigo” na ligazón indicada e “de conformidade co previsto no artigo 136.4 da LCSP e as disposicións adicionais 16a e 17a”, tamén contempla na cláusula 14 outro suposto de presentación de ofertas cando concorran razóns técnicas de comunicación, non imputables ao licitador, que impedisen a entrega da proposición mediante a canle electrónica.

A presentación das proposicións a través de calquera dos dous medios previstos no PCAP garante o segredo das proposicións esixido legalmente, non así a presentación de documentos non encriptados. Precisamente a citada cláusula 14 advirte “A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”.

Na mesma sesión procedeuse á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos e acordouse solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de setembro de 2018 aceptou, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 19 de setembro de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”. Acto seguido procedeuse á súa publicación no perfil de contratante, e posteriormente á apertura, en sesión pública, do sobre C “proposición avaliable a través de fórmula” dos licitadores admitidos, como foi anunciado no perfil de contratante. A Mesa solicitou informe sobre a documentación económica ao servizo xestor.

Cuarto.- O 26 de setembro de 2018 D. PABLO CASAL NÚÑEZ formulou escrito de alegacións no que solicita “*a fin de evitar ulteriores impugnacións ante la jurisdicción competente que no ocasionarían máis que perturbacións a la correcta prestación del servicio, se atiendan las presentes alegaciones al acuerdo de no admisión de la oferta de la empresa a la que represento y se abra un nuevo y correcto plazo de presentación de solicitudes a fin de que pueda efectuar la correcta presentación de mi oferta con tiempo suficiente para ello*”.

Quinto.- Con data do 3 de outubro de 2018 notificouse o acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 21 de setembro a D. PABLO CASAL NÚÑEZ e SERVIPLUSTOTAL, S.L., que foi recibida nas datas 3 e 4 de outubro de 2018, respectivamente.

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2018 aceptou por unanimidade o informe de valoración do sobre C “proposición avaliable a través de fórmula” da mesma data e formulou proposta de clasificación ao órgano de contratación a favor de A BILLARDA, S.L.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

-I-

Obxecto das alegacións

É obxecto destas alegacións a non admisión do licitador no procedemento e a solicitude de apertura dun novo prazo de presentación de ofertas.

A pesar do seu obxecto, o escrito non pode cualificarse como un recurso de alzada contra o acordo de non admisión adoptado pola Mesa de Contratación posto que D. Pablo Casal Núñez non tiña coñecemento deste acordo, xa que non fora notificado. Segundo o recollido no escrito de alegacións “*a través da páxina web do Concello de Vigo tiven coñecemento indirecto (toda vez que o que foi “colgado” é un informe de valoración e non a acta da Mesa*



Concello de Vigo

do 18 de setembro do que deriva) de que a oferta presentada por min non foi admitida no procedemento aberto exp 17091/333”.

O referido informe non é un acto susceptible de recurso (artigo 116 LPAC). Ademais nel unicamente se fai referencia ás proposicións admitidas e se procede á súa valoración. Nada se di ao respecto dos licitadores non admitidos.

Os motivos da non admisión do alegante veñen recollidos no acordo notificado o 3 de outubro de 2018 contra o que o licitador poderá interpoñer o correspondente recurso como se indica detalladamente na propia notificación.

Aclarado o anterior, procede analizar as alegacións formuladas.

O alegante expón “que tiven coñecemento con só tres días de anticipación á finalización do prazo de presentación, da apertura do prazo de presentación de ofertas, por casualidade, e iso non por causas imputables a min, senón por causas exclusivamente imputables ao Concello de Vigo”.

E basea as súas alegacións en:

- a) A errónea determinación do prazo de presentación de ofertas
- b) A vulneración do principio de confianza lexítima
- a) **A errónea determinación do prazo de presentación de ofertas**

O prazo para a presentación de ofertas nesta licitación foi de quince días, respectando o previsto no artigo 156.6 da LCSP *“nos contratos das Administracións Públicas que no estean suxeitos a regulación harmonizada, o prazo de presentación de proposicións non será inferior a quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil de contratante. Nos contratos de obras e de concesión de obras e concesión de servizos, o prazo será, como mínimo, de vinte e seis días”*.

A correcta publicación desta licitación pódese comprobar no perfil de contratante:

La imagen muestra una captura de pantalla de un navegador web que muestra el perfil de contratante en la Plataforma de Contratación del Estado. La URL de la página es https://contrataciondelestado.es/wps/portal/ut/p/b1/hZDNcslweISfSHaTNgke-5tW1NbURpuLfnQsHoREZ_etOBFaN3bwDczy4CGmjCHMI6MzOEA-tY8Tds8zP3.... La página muestra la información de la licitación, incluyendo la fecha fin de presentación de oferta (14/09/2018 23:59) y un resumen de la licitación con una tabla de documentos publicados en la plataforma.

Publicación en plataforma	Documento	Ver documentos
19/09/2018 13:54:54	Rectificación de Anuncio de Licitación	Html Xml Pdf Sello de Tiempo
30/08/2018 13:36:06	Pleigo	Html Xml Pdf Sello de Tiempo

Otros Documentos

Publicación en plataforma	Documento	Ver documentos
30/08/2018 13:32:42	Memoria justificativa	Ver Sello de Tiempo
03/09/2018 09:25:27	Documento de aprobación del expediente	Ver Sello de Tiempo
21/09/2018 12:12:34	Informe de valoración de los criterios de adjudicación cuantificables mediante juicio de valor	Ver Sello de Tiempo
03/10/2018 10:40:37	Anuncio de exclusión de licitadores presentados	Ver Sello de Tiempo

Enlace a la licitación: https://contrataciondelestado.es/wps/woc?uri=deepink_detalle_licitacion&idEvl=V%2BukcD2w7g0SugsfARGf5A%3D%3D

Si desea copiar la URL, pulse botón derecho sobre este enlace y seleccione la opción 'Copiar acceso directo'

Tal e como consta no perfil de contratante, a publicación dos pregos (PCAP e PPT) e da memoria xustificativa publicouse co anuncio o 30 de agosto de 2018 e quince días despois desta publicación remataba o prazo de presentación de ofertas (14 de setembro ás 23:59 horas).

Á vista do anterior, non parece necesario afondar neste asunto.

Desde a entrada en vigor da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, *“os perfís de contratante dos órganos de contratación de todas as entidades do sector público estatal deberán aloxarse de maneira obrigatoria na Plataforma de Contratación do Sector Público, xestionándose e difundíndose exclusivamente a través dela. Nas páxinas web institucionais destes órganos incluírase un enlace ao seu perfil de contratante situado na Plataforma de Contratación do Sector Público”* (artigo 347.2).

Isto enlaza coa segunda das alegacións:

b) A vulneración do principio de confianza lexítima

En cumprimento do citado artigo, desde a entrada en vigor da LCSP todos os contratos que se rexen por esta norma son obxecto de publicación no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público como se pode comprobar con un simple acceso a esta.

De acordo coa norma, na páxina do Concello de Vigo, desde a sede electrónica existe un enlace ao perfil de contratante. É máis, na sede electrónica se aclara:

“Perfil de Contratante

Dende a entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **o perfil de contratante do Concello de Vigo e do seu organismo autónomo Xerencia de Urbanismo están integrados na Plataforma de Contratación del Sector Público**. Para acceder ás licitacións publicadas do Concello de Vigo e o seu Organismo Autónomo dependente Xerencia de Urbanismo desde esa data prema os seguintes enlaces:

- [Concello de Vigo \(Plataforma de Contratación do Estado\)](#)
- [Xerencia Municipal de Urbanismo \(Plataforma de Contratación do Estado\)”](#)

Así mesmo, na sede electrónica mantense o perfil do Concello previo á LCSP:

“Datos históricos (perfil do contratante)

Datos históricos do Perfil do Contratante anterior á entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Neste perfil de contratante poderá consultar:

- Os anuncios e a documentación relativos aos procedementos en curso rexidos polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- A información relativa aos contratos menores.
- O histórico de licitacións desta Administración.



Concello de Vigo

Actividade contractual dos órganos de contratación do Concello de Vigo e dos seus Organismos Autónomos dependentes dende abril de 2011 ata a entrada en vigor da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.:

- Concello de Vigo (122)
 - Contratos maiores
 - Contratos menores
- Xerencia Municipal de Urbanismo (4)
 - Contratos maiores
 - Contratos menores
- Contratos formalizados (previos a abril 2011)".

Esta información relativa aos contratos que se rexen pola normativa anterior á LCSP debe estar dispoñible, se ben separada da información relativa aos contratos que se rexen pola LCSP, como se pode comprobar na sede electrónica do Concello de Vigo.

Suxire o alegante que *“no caso de non estar operativa sería facilmente corrixible mediante unha simple advertencia de que esa non é a ruta correcta ao perfil de contratante e a indicación do medio correcto de acceder a el”*.

Pois ben, como se indicou, esa información si está operativa para os contratos que se rexen pola anterior normativa e a advertencia da ruta correcta ao perfil de contratante consta na sede electrónica, como se demostrou anteriormente.

En resumo, a páxina institucional do Concello de Vigo inclúe un enlace ao seu perfil de contratante situado na Plataforma de Contratación do Sector Público, en cumprimento do artigo 347.2 da LCSP. Así mesmo, mantén actualizada a información relativa aos contratos previos á LCSP (datos históricos).

A maiores, a páxina do Concello contén un acceso á plataforma de licitación electrónica. Como indica a cláusula 13.5 do PCAP *“A presentación das proposicións deste procedemento realizarase a través da plataforma electrónica de contratación do Concello de Vigo, na seguinte ligazón <https://licitacion.vigo.org/licitacion> e de conformidade co previsto no artigo 136.4 da LCSP e as disposicións adicionais 16ª e 17ª”*.

Pois ben, tamén a través desta plataforma se pode acceder facilmente á información do expediente en cuestión. Non é preciso coñecer o número do expediente senón que basta con cumprimentar algún criterio de búsqueda. Entre esa información se indica que o expediente se atopa en prazo de presentación de ofertas e a data do fin do prazo. Así mesmo, se habilita o mecanismo para a presentación das proposicións.

Á vista das alegacións formuladas, o alegante accedeu ao perfil que recolle os datos históricos, pero iso non significa que a información necesaria non conste publicada na páxina institucional do Concello.

Invoca o alegante o principio de confianza lexítima. A este respecto cómpre ter en conta varias cuestións:

1. O Concello cumpriu coas súas obrigas de publicación no perfil de contratante e toda a información está dispoñible na súa páxina institucional.

2. Afirma o alegante *“clikando en el link “perfil do contratante” Sección “Concello de Vigo”, aparece un valor cero en el apartado “en prazo de presentación de ofertas” e “en cuxa licitación estaba interesado e a cuxos efectos regularmente accedía á páxina web do Concello de Vigo”*. Chama a atención que sendo un licitador habitual neste tipo de contratos e mesmo foi o prestador deste servizo en anos anteriores, non lle estrañase ao acceder á páxina institucional do Concello que non houbera ningunha licitación en prazo de presentación de ofertas se, como di, accedía regularmente, tendo en conta a actividade contractual deste Concello (na data de emisión deste informe existen 47 licitacións no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público).
3. O alegante é sabedor que o programa de ximnasia para maiores se desenvolve de outubro a xuño, pois como indicamos, foi adxudicatario deste contrato; polo que atendendo á data habitual de inicio da prestación non lle puido sorprender que o prazo de presentación de ofertas xa estivera iniciado.
4. Aínda que o licitador tivera coñecemento da licitación 3 días antes do remate do prazo de presentación das proposicións, non tivo problema ningún para presentar a súa proposición. De feito, seguindo o previsto na cláusula 14 do PCAP, o alegante presentou a pegada dixital e o sobre electrónico (documentación encriptada) segundo o esixido na citada cláusula. O erro do licitador foi enviar o contido da súa oferta sen encriptar ao correo do Servizo de Contratación e presentar esa documentación a través do Rexistro Xeral do Concello.

Así pois, da propia documentación do expediente se pode concluír que a “inexactitude” na publicación alegada por D. Pablo Casal Núñez non foi obstáculo para a correcta presentación da súa proposición mediante a presentación da pegada dixital e o sobre electrónico en prazo. O motivo da súa non admisión neste procedemento foi ter enviado, a maiores, a documentación sen encriptar tanto por correo como no Rexistro Xeral. Este erro non pode ser imputable ao Concello de Vigo.

O coñecemento da súa proposición con carácter previo á data de apertura das proposicións contamina o procedemento, ao non terse garantido o segredo das proposicións por un erro imputable ao licitador e non ao Concello de Vigo. Este foi precisamente o motivo da súa non admisión no procedemento.

Segundo o Tribunal Supremo *“Trátase de garantir non só a igualdade entre os licitadores senón tamén de evitar que o poder adxudicador, ou administración contratante, coñeza o seu contido con anterioridade ao acto formal de apertura das ofertas favorecendo unha determinada adxudicación en razón a ese coñecemento previo”*.

5. Ningún licitador, ata agora, alegou problemas para acceder ao perfil de contratante. Desde a entrada en vigor da LCSP e ata a publicación do expediente obxecto deste informe, se publicaron numerosas licitacións por este Concello de Vigo e moitas delas xa están adxudicadas.
6. O Concello de Vigo ten constancia de que o alegante coñecía a forma de presentación das proposicións e era sabedor da advertencia prevista na cláusula 14.1 do PCAP: *“No suposto de que, por razóns técnicas de comunicación, non imputables ao licitador, non puidese facerse efectiva a entrega da proposición mediante a canle electrónica, o software PLYCA Empresas, xerará un código específico de verificación (HASH) “pegada dixital” que se mostrará en pantalla, antes de realizar o envío. Este código deberá ser remitido por FAX ao nº 986 226 206 e por correo electrónico a contratacion@vigo.org, ou entregado no Rexistro Xeral do*



Concello de Vigo

*Concello de Vigo sito na Praza do Rei s/n Vigo. O sobre electrónico xerado na plataforma coa oferta, asinado, deberá ser entregado en soporte electrónico, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo das 24 horas posteriores á data límite de presentación das proposicións. En ningún caso deberán presentarse documentos non encriptados. **A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador**".*

Isto é así, porque unha persoa en nome do licitador se puxo en contacto co Servizo de Contratación, que lle indicou, como ao resto dos licitadores que solicitan información, como tiña que acceder ao perfil de contratante, da forma de presentación da súa proposición, da dispoñibilidade dun soporte técnico da plataforma de licitación electrónica e do acceso a esta. É máis, desde o Servizo se lle informou do previsto na citada cláusula 14.

Así as cousas, non cabe dúbida de que non cabe alegar o principio de confianza lexítima.

No procedemento obxecto deste informe respectáronse os principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores. A apertura dun novo prazo de presentación das proposicións solicitada polo alegante suporía outorgarlle unha vantaxe respecto dos demais licitadores, que tiveron acceso á mesma documentación durante o mesmo prazo de 15 días para presentar as súas proposicións e cos mesmos requisitos de presentación. O alegante pretende unha nova oportunidade para participar no procedemento, logo de ter cometido un erro non imputable á Administración que o deixou fóra da licitación.

As consecuencias da falta de dilixencia do licitador non poden ser trasladadas ao órgano de contratación (entre outros, acordo 42/2015, do 31 de marzo de 2015, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón e resolución nº 003/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia).

Esta pretensión atenta claramente contra o principio de igualdade de trato dos licitadores, polo que non pode ser admitida en ningún caso.

-II-

Acordo

O órgano competente para a resolución das alegacións é a Xunta de Goberno local na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da LCSP).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

"Desestimar as alegacións presentadas por D. Pablo Casal Núñez o 26 de setembro de 2018 polas razóns expostas no fundamento xurídico primeiro deste informe".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICO DOCENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DO PROGRAMA DE “XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES”.

Dáse conta da proposta do 11/10/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

10.- Propostas de clasificación/clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (17.091-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de setembro de 2018, polo que non se admite neste procedemento a PABLO CASAL NÚÑEZ e SERVIPLUSTOTAL, S.L. por non ter cumprido os requisitos de presentación das proposicións esixidos na cláusula 14 do PCAP e non respectar o segredo das proposicións, ao ter presentado as súas ofertas sen encriptar a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (17.091-333) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	A BILLARDA S.L.	87,40
2	MAREXADA LECER, DEPORTE E CULTURA, S.L.	74,70

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, A BILLARDA S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



Concello de Vigo

3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

9(1169).- PRORROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MEDALLAS E TROFEOS PARA DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS PROPIAS DO CONCELLO DE VIGO NA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DO PROGRAMA MUNICIPAL “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS”. EXPTE. 17654/333.

Visto o informe xurídico de data 03/10/18, e o de fiscalización do 09/10/18, dáse conta do informe-proposta do 19/09/18, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Antecedentes

Con data 08/07/2016, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, aprobou o expediente para a “CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MEDALLAS E TROFEOS PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DO PROGRAMA MUNICIPAL “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS”. EXPTE. 14972/333

Posteriormente, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 08 de xullo de 2016, acordou a proposta da mesa de contratación de CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MEDALLAS E TROFEOS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO ÁMBITO DO PROGRAMA “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS”

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 11/11/2016 acordou, adxudicar a CARLOS FERNÁNDEZ POL., o procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos para o desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito do programa “Calendario de eventos deportivos” (14972-333), polo prezo total de 69.640,00 euros para o LOTE no 1 (medallas) e un prezo total de 50.360,00 euros para o LOTE Nº2 (trofeos).

Con data 17/11/2016, procédese á sinatura do contrato con CARLOS FERNÁNDEZ POL. para a prestación da subministración obxecto da contratación, a partir do 18/11/2016 e cunha duración de dous anos, contemplándose dúas prórrogas de un ano de duración cada unha.

II. Fundamentos de dereito

1. O artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbbase polo órgano de contratación e

será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

2. Neste contrato resulta que:

-O prego de cláusulas administrativas, na cláusula 7, "Prazo de execución" recolle no apartado 3, "*este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, será obrigatoria para o contratista salvo que no apartado 4 da FEC se estableza un prazo de preaviso para que este poida renunciar á calquera das prórrogas previstas*".

-A empresa que presta o servizo, CARLOS FERNÁNDEZ POL., co DNI: 36.045.005.A, presentou con data 11/09/18 no rexistro Xeral do concello escrito no que non formula oposición a prórroga segundo os prazos recollidos no prego de cláusulas administrativas do contrato de subministro de medallas e trofeos (Expte. 14972-333).

3.Desenvolvemento do contrato actual:

A empresa que desenvolve a prestación da subministración CARLOS FERNÁNDEZ POL., co DNI: 36.045.005.A, no transcurso do período contractual ven desenvolvendo os subministros de acordo cos criterios marcados no prego de prescricións técnicas, de xeito satisfactorio en canto ás tarefas que se realizan en relación co desenvolvemento do programa municipal Calendario de eventos deportivos e outras funcións xerais e que se relacionan a continuación:

Entregar o material da mesma calidade e características que o ofertado e cumprindo cos mínimos definidos no anexo I deste prego.

Entregar o material nos lugares indicados polo servizo de Deportes do Concello de Vigo.
Prestar un apoio técnico en relación a elección dos diversos elementos de Trofeos ou Medallas vinculados o obxecto deste contrato.

Descrición dos medios humanos e materiais: a empresa dispón de todos os medios necesarios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do servizo.

4.Prezo anual do contrato:

A anualidade do Lote 1 do contrato é de 28.925,62 euros sen IVE, sendo o IVE de 6.074,38 euros, e a anualidade do Lote 2 do contrato é de 20.661,16 euros sen IVE, sendo o IVE de 4.338,84 euros, o que fai un importe total da anualidade de 60.000,00 euros.



Concello de Vigo

5.Financiamento do contrato:

O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2260902 “Adquisición de trofeos”, do orzamento en vigor.

Ano 2018: período comprendido entre o 18 de novembro e o 31 de decembro de 2018, ambos os dous incluídos:

–Lote nº1 (medallas): 4.820,00 euros, IVE incluído.

–Lote nº2 (trofeos): 1.500,00 euros, IVE incluído.

Ano 2019: período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 17 de novembro de 2019, ambos os dous incluídos:

–Lote nº1 (medallas): 30.000,00 euros, IVE incluído.

–Lote nº2 (trofeos): 23.680,00 euros, IVE incluído.

Total : 60.000,00 euros, IVE incluído.

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 17 de novembro de 2018, e debido á necesidade de garantir a subministración, faise necesario tramitar a prórroga do contrato dos “CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MEDALLAS E TROFEOS PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DO PROGRAMA MUNICIPAL “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS”.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de subministración en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos”.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o art. 127 LBRL e a D. Adic. 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse a **Xunta de Goberno Local** previo informe xurídico e fiscalización pola Intervención a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1. Aprobar a prórroga do contrato de SUBMINISTRACIÓN DE MEDALLAS E TROFEOS PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DO PROGRAMA MUNICIPAL “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS” polo período de un ano dende o 19 de novembro de 2018 ata o 18 de novembro de 2019, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a empresa CARLOS FERNÁNDEZ POL., co DNI: 36.045.005.A
2. Aprobar o gasto de 60.000,00 € con IVE que representa esta prórroga anual a favor de CARLOS FERNÁNDEZ POL., co DNI: 36.045.005.A .con cargo a aplicación orzamentaria 3410.226.09.02 do presuposto vixente.

3. Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. Da Lei 29/98).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1170).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA E PEQUENO MANTEMENTO DAS DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS. EXPTE. 886/13.

Visto o informe de fiscalización do 11/10/18, dáse conta do informe-proposta do 05/06/18, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

1.- A Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios, na sesión ordinaria do día 13 de marzo de 2014, de acordo á proposta formulada pola Secretaria da Mesa de Contratación acordou adxudicar a SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios, (expediente 886-13) por un período de 2 anos e un prezo total de 263.189,52 € (IVE incluído), sendo a cota de IVE de 45.677,52 €, correspondendo un importe anual sen IVE de 108.756,00 €, cota de IVE de 22.838,76 €, e prezo anual total do contrato 131.594,76 €.

Na cláusula 29 do prego de cláusulas administrativas regulase a revisión de prezos que resulta procedente conforme dispón o sistema de revisión establecido no apartado 3.J. das FEC.

No PCAP establececese un prazo de duración do contrato de dous anos, e dúas posibles prórrogas de un ano cada unha (Apartado 4.C das FEC) . O Contrato foi asinado polas partes o 11/04/2014, e comezou a súa prestación, conforme ao disposto na súa cláusula 6 o 15/04/2014.

2.- En data 8 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, entre outros extremos, acordou:

“1º.- Autorizar a primeira prórroga do contrato do Servizo de Limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios (expte 886/13) para o período comprendido entre o 15/04/2016 e o 14/04/2017)



Concello de Vigo

2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, será de 131.594,76 €, segundo o desglose seguinte:

Año 2016 (período comprendido entre o 15/04/2016 ao 31/12/2016): 93.212,95 €. (IVE incluído), que se imputará á partida 3261.2270000 e ano 2017 (período entre o 1/01/2017 e 14/04/2017): 38.381,81 € (IVE incluído).”

3.- A Xunta de Goberno local en sesión de 30 de marzo de 2017 acordou:

“1º.- Autorizar a segunda prórroga do contrato do Servizo de Limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios (expte 886/13) para o período comprendido entre o 15/04/2017 e o 14/04/2018) seguindo a operar neste período de prórroga as melloras ofertadas no contrato.

2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, será de 131.594,76 €, segundo o desglose seguinte:

Año 2017 (período comprendido entre o 15/04/2017 ao 31/12/2017): 93.212,95 €. (IVE incluído), que se imputará á partida 3261.2270000 e ano 2018 (período entre o 1/01/2018 e 14/04/2018): 38.381,81 € (IVE incluído).”

Cómpre salientar que o servizo préstase dun modo aceptable e de conformidade co disposto nos pregos de condicións administrativas e prescricións técnicas que regulan o contrato.

Fundamentación xurídica:

1º.- A revisión de prezos deste contrato está regulada na cláusula 29 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares conforme ao establecido no apartado 3.J) das Follas das Características do Contrato (FEC en diante). En dito apartado recollese que procederá a primeira revisión de prezos do contrato unha vez transcorrido o prazo dun ano desde a data de formalización do contrato e sempre e cando este se tivese executado alomenos o 20% do seu importe, e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data da revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.

Polo tanto, como queira que o contrato iniciouse o 15 de abril 2014, e remata o 14 de abril de 2018 segundo a segunda prórroga autorizada, ten transcorrido o prazo sinalado no citado apartado 3.J. das FEC, cómpre propor a aprobación da revisión de prezos.

Conforme dispón a citada cláusula 29 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares o importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato, e as revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación.

2º.-Fórmula de cálculo: Segundo a cláusula 3J) das FEC, se aplicará o seguinte sistema de revisión:

- recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data da revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta de

produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.

Tras estas consideracións sobre o asunto procede realizar tres revisións de prezos para cuxo cálculo teremos en conta:

Prezo do contrato: 263.189,52/2 anos – 131.594,76/ano

Prazo contrato: 2 anos A partir do 15/04/2014 e dúas prorrogas de un ano cada unha.

Data adxudicación: 13/03/2014

Data formalización contrato: 11/04/2014

Derradeiro día presentación de ofertas: 15/11/2013

Primeira revisión de prezos polo período febreiro 2014- abril 2015, para aplicar no período 15-04-2015 a 14-04-2016, recollera a variación do 85% do IPC do período febreiro 2014-abril 2015 (segundo o INE, IPC deste período: 0,5% ; 85% de 0,5% = 0,43%)

Prezo anual do contrato para o período do 15-04-2015 a 14-04-2016 :132.160,62 €.

Segunda revisión de prezos polo período de abril 2015-abril 2016, para aplicar no período 15-04-2016 a 14-04-2017, recollerá a variación do IPC do período abril 2015 a abril 2016 (segundo o INE IPC deste período: -1,1%; 85% de -1,1% = -0,94%)

Prezo anual do contrato para o período do 15-04-2016 a 14-04-2017: 130.918,31.

Terceira revisión de prezos polo período de abril 2016-abril 2017, para aplicar no período 15-04-2017 a 14-04-2018, recollerá a variación do IPC do período abril 2016 a abril 2017 (segundo o INE IPC deste período: 2,6%; 85% de 2,6% = 2,21%)

Prezo anual do contrato para o período do 15-04-2017 a 14-04-2018: 133.811,60€

En consecuencia co anteriormente exposto existen atrasos nos seguintes importes:

Atrasos primeira revisión de prezos do 15/04/15 – 14/04/16: 565,86€/ano, do 15/04/16 – 14/04/17: 565,86€/ano,e do 15/04/17 – 14/04/18: 565,86€/ano. **TOTAL 1.697,58 €**

Atrasos segunda revisión de prezos 15/04/16 – 14/04/17: -1.242,31€/ano e 15/04/17 – 14/04/18: -1.242,31€/ano. Total **-2.484,62 €**

Atrasos terceira revisión de prezos do 15/04/17 – 14/04/18: 2.983,29. € Total **2.983,29 €**

Atrasos 1ª, 2ª e 3ª revisión período 15/04/2015 a 14/04/2018 a favor da empresa: **2.196,25 €:**

1.697,58 € + (-2.484,62 €) + 2.983,29 € = 2.196,25 €

Para poder afrontar o gasto indicado, detraerase esta obriga económica da partida 3261.2270000 (“Gasto limpeza instalacións”), xa que ademáis de imputarse á mesma o importe do contrato de Limpeza e Pequeno Mantemento das Dependencias e Instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios conta con saldo suficiente, polo que non afectará ao normal desenvolvemento do Servizo.



Concello de Vigo

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

1º.- Aprobar a 1ª revisión de prezos do contrato para a limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios para aplicar no período 15-04-2015 a 14-04-2016, quedando o prezo anual do contrato actualizado para o indicado período en 132.160,62 €.

2º.- Aprobar a 2ª revisión de prezos do contrato para aplicar no período 15-04-2016 a 14-04-2017, quedando o prezo anual do contrato actualizado para o indicado período en 130.918,31. €.

3º.- Aprobar a 3ª revisión de prezos do contrato para aplicar no período 15-04-2017 a 14-04-2018, quedando o prezo anual do contrato actualizado para o indicado período en 133.811,60 €.

4º.- Recoñecer en concepto de atrasos polo período comprendido entre o 15 de abril de 2016 e 14 de abril de 2018, a cantidade total de 2.196,25.-€ a favor de SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L, conforme a seguinte distribución:

- **Atrasos primeira revisión de prezos** do 15/04/15 – 14/04/16: 565,86€/ano, do 15/04/16 – 14/04/17: 565,86€/ano, e do 15/04/17 – 14/04/18: 565,86€/ano. **TOTAL 1.697,58 €.**

- **Atrasos segunda revisión de prezos** 15/04/16 – 14/04/17: -1.242,31€/ano e 15/04/17 – 14/04/18: -1.242,31€/ano. **Total -2.484,62 €.**

- **Atrasos terceira revisión de prezos** do 15/04/17 – 14/04/18: 2.983,29€ .**Total 2.983,29 €**

5º.- Dito gasto efectuarase con cargo á partida presupostaria 3261.2270000 (“Gastos limpeza instalacións”) en concepto de cotas pendentes.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1171).- RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA DENTRO DO “PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA Á REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES 2018”. EXPTE. 8439/224.

Dáse conta do informe-proposta do 09/10/18, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 16 de xullo de 2018 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do "Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2018".

Á entidade *Asociación de Personas Sordas de Vigo*, CIF: G36622835, expediente 8439/224, foille concedida unha axuda por importe de 236,25€ para a realización do proxecto "XII Edición: O Empoderamento das mulleres xordas".

Con data 2 de outubro de 2018, a entidade Asociación de Personas Sordas de Vigo, presenta escrito renunciando de xeito expreso á subvención concedida (doc.180160410). Atendendo ao establecido na Base Décimo Cuarta do programa de subvencións, a beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"Dar conta da renuncia presentada pola entidade Asociación de Personas Sordas de Vigo, con CIF: G36622835, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2018 ao abeiro do *Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2018*".

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

12(1172).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS MANTEMENTO E CONSERVACIÓN ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL CONCELLO DE VIGO. EXPTE.7889/307.

Visto o informe de fiscalización do 05/10/18, dáse conta do informe-proposta do 03/10/18, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria de data 28 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

"Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, o procedemento aberto para a contratación do Servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307) coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 192.140,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 33.346,61 euros.



Concello de Vigo

- Propón un incremento das frecuencias anuais de mantemento do servizo nas zonas delimitadas como tipoloxía A, respecto do mínimo esixido na cláusula 12 do PPT, de 468 frecuencias.
- Propón un incremento das frecuencias anuais de mantemento do servizo nas zonas delimitadas como tipoloxía B, respecto do mínimo esixido na cláusula 12 do PPT, de 520 frecuencias.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato foi asinado con data 24 de novembro de 2016.

A cláusula 7.3 do prego de cláusulas administrativas recolle o seguinte: “o presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista.”

O apartado 4.C da FEC sinala que están previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Con data 1 de outubro de 2018, a empresa adxudicataria presenta un escrito no que amosa a súa conformidade coa prórroga por un ano do contrato.

O artigo 23.2 do RDL 3/2011 establece que é competencia do órgano de contratación acordar a prórroga dos contratos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

1.- APROBAR A PRÓRROGA DUN ANO DO CONTRATO DE SERVIZOS DO MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO (exp. 7889-307).

2.- AUTORIZAR O GASTO:

- A) Presuposto total dun ano de prórroga do contrato: 96.070 euros.
- B) IVE a soportar pola Administración: 16.673,31 euros.

C) Valor estimado da prórroga do contrato: 96.070 euros.

D) ANUALIDADES CON IVE:

Ano 2018: 8.005,83 euros

Ano 2019: 88.064,17 euros

Aplicación orzamentaria: 3360.2100001 MANTEMENTO CONXUNTO ETNOGRÁFICO dos orzamentos municipais vixentes.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1173).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO “PROXECTO DE MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO”- PLAN INVERSIÓNS AQUALIA. EXPTE. 5439/440.

Dáse conta do informe-proposta do 09/10/18, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo de Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican no apartado III c) da parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 9 de abril de 2018, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou “encargar á empresa concesionaria da xestión integral do Servizo de abastecemento e saneamento de auga, Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de “MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO”.



Concello de Vigo

IV.- Con data 5 de setembro de 2018, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en diante a concesionaria) presentou o proxecto técnico das obras de “MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO.”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda, Colexiado nº 1.682 e o detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde).

V.- Con data 13 de setembro de 2018, a concesionaria -tras detectar determinados erros no proxecto orixinal-, presentou novamente o proxecto redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda, Colexiado nº 1.682, cun presuposto de un millón corenta e sete mil cento trinta e tres euros con corenta e un céntimos (1.047.133,41 euros), IVE excluído e un prazo de execución de DEZ MESES (10) MESES. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

VI.- Coa mesma data, a concesionaria presentou tamén o novo detalle dos custos asociados aos referidos proxectos (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) co seguinte detalle:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	SOLTEC	17.598,89 €
Asistencia técnica	SOLTEC	17.598,89 €
Coordinación de seguridade e saúde	PROYEGAL	4.399,72 €
	SUMA	39.597,50 €
	11% Gastos de Xestión	4.355,73 €
	TOTAL (IVE excluído)	43.953,23 €

VII.- Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de setembro de 2018 se acordou a aprobación do proxecto para execución das obras de “Mallado da rede de abastecemento do Concello” e os custos asociados ao mesmo, co detalle que se recolle no apartado anterior.

VIII.- Mediante escrito de data 3 de outubro de 2018, Aqualia-FCC Vigo UTE presenta a documentación referida as características do contrato de obra, requirida no Acordo da Xunta de Goberno de data 8 de marzo de 2013, o que se fai referencia no Expositivo II. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 5.439/440
- Nome e razón social do adxudicatario: Sociedad Española de Aguas Filtradas, S.A.
- NIF: A28223741.
- Presuposto de execución material: 879.944,04 €
- Presuposto de contrata: .1047.133,41 € (IVE excluído).
- Prazo de execución: 10 meses.

- Data inicio obra: o día da sinatura da Acta de Comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: Grupo E, subgrupo1, categoría 4
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: SOLTEC
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Dna. Rebeca Galiñares Fernández (PROYEGAL).

De acordo co exposto, propónse á Xunta de Goberno Local:

1. Quedar enteirada **da tramitación do expediente** “Mallado da rede de abastecemento do Concello” **cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da** Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2013, que aproba o procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

14(1174).- RECEPCIÓN DE LAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DEL VIAL TRANSVERSAL A CAMIÑO ESPÍÑEIRO. EXPTE. 3988/401.

Dáse conta do informe-proposta de data 29/08/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe de Infraestruturas e Urbanización e o xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

En data 07.02.1997, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo aprobou definitivamente o proxecto de Urbanización do vial transversal ao camiño de Espiñeiro – Teis, formulado por D^a. Pilar Álvarez Díaz e D. Jesús Fernández González e redactado polo arquitecto D. Ricardo Salgado Salgado, para dotar da condición de soar á parcela sita no camiño Espiñeiro, nº. 6 cualificada coa ordenanza 1.2.B.

O 18.06.1999, o Presidente da XMU outorgou licenza de obras á mercantil “PROMOCIONES TABULATUM, S.L.” para a execución, na dita parcela, dunha edificación composta de dous sotos para garaxe-aparcamento, adegas e instalacións xerais, planta baixa porticada agás o portal, cinco plantas para trinta vivendas e aproveitamento baixo cuberta para trasteiros. Establecíase na dita licenza o deber de cesión ao Concello de Vigo de 770,00 m² de terreo para vial conforme ao proxecto de urbanización aprobado o 07.02.1997, totalmente urbanizado, debendo executarse simultaneamente as obras de edificación coas de urbanización que deberían estar rematadas e ser recibidas polo Concello de Vigo antes da concesión da licenza de primeira ocupación.

A obtención dos terreos necesarios para a materialización das obras urbanizadoras tramitouse no expediente de expropiación forzosa baixo expediente administrativo coa clave 169/413.

Logo das visicitudes obrantes no expediente de referencia, con data 11.05.2015, a Vicepresidenta da XMU resolveu executar o aval constituído pola mercantil “PROMOCIONES TABULATUM, S.L.” en garantía das obras de urbanización por importe de 75.789,60 euros e ordenar a execución subsidiaria das obras de urbanización pendentes de execución. Estas obras foron contratadas e recibidas no expediente administrativo nº. 9832/407.



Concello de Vigo

Con data 13.07.2018, o exefeiro técnico de obras públicas e o xefe de infraestruturas e urbanización emitiron o seguinte informe: *"Las obras de urbanización del vial transversal al camino Espiñeiro fueron ejecutadas parcialmente por la propiedad pero no se completó la parte que fue expropiada.*

Después de agotar la posibilidad de que la propiedad terminase la urbanización, este ayuntamiento contrató la terminación de las obras con la ejecución del aval depositado.

Estas obras de terminación de la urbanización han sido recibidas por este ayuntamiento, por lo cual se puede concluir que las obras de urbanización se han terminado.

Las obras se han ejecutado siguiendo las definiciones del proyecto aprobado, con los ajustes necesarios para ser plasmados en la realidad existente.

Por lo tanto se pueden dar por recibidas la totalidad de las obras de urbanización por este".

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Normativa examinada.

- RDLex. 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- R.D.2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, polo que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- R.D.1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Admóns. Públicas.
- R.D.817/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento parcial da LCSP.
- Instrucción 1/2015 pola que se modifica a Instrucción 2/2012 e se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización do Concello de Vigo (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22.10.2015, B.O.P nº 223, do 18.11.2015)
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P nº 133, o 14 de xullo de 1993.
- Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día 06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010)

II. Recepción das obras de urbanización.

De conformidade co disposto no artigo 96 da LSG, os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidos no planeamento e non poderán modificar as previsión do planeamento que desenrolan, sen prexuízo de que podan efectuar as adaptacións exixidas pola execución material das obras, respectando, en todo caso, as condicións

de accesibilidade.

No mesmo senso, o artigo 7.4, segundo parágrafo, do TRLS, establece que a terminación das actuacións de urbanización producírase cando conclúan as obras urbanizadoras de conformidade cos instrumentos que as lexitiman, téndose cumpridos os deberes e levantado as cargas correspondentes. No presente caso, parte das obras urbanizadoras foron executadas pola promotora, sen que conste a súa recepción expresa, e, parte subsidiariamente polo Concello de Vigo (acta de recepción no exp. 9832/407).

Como xa consta en reiterados informes da Oficina de Planeamento – Xestión, a decisión de recibir as obras de urbanización é marcadamente técnica, pois a verificación da súa conformidade co proxecto aprobado corresponde á OSPIO e ao Servizo de Urbanización e Infraestruturas e, no senso exposto, corresponde aos ditos servizos técnicos acreditar que consta a total execución do proxecto de urbanización e que as obras se atopan en estado de ser recibidas. Así as cousas, o técnico propoñente deberá constatar que as obras están rematadas e en bo estado e que son conformes co proxecto aprobado, sen que proceda formular proposta xurídica ningunha.

III. Órgano competente para resolver.

De acordo co disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, LRBRL, a competencia correspóndelle á Xunta de Goberno Local a proposta do Consello da XMU.

PROPOSTA

Por canto antecede, dando cumprimento ao disposto no artigo 172 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, propónse a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a recepción definitiva das obras de urbanización do vial transversal a camiño Espiñeiro (Teis) aprobadas definitivamente en data 07.02.1997 polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e executadas en parte pola entidade promotora e, en parte e subsidiariamente, polo Concello de Vigo.

SEGUNDO: Notificar a presente á mercantil interesada, significándolle que contra á mesma cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

TERCEIRO: Dar traslado do presente acordo á oficina de Urbanización e Infraestruturas da XMU, Patrimonio e Contratación, Estadística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Servizo de Limpeza, Mobilidade, Transporte e Seguridade, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, Licenza de Obras e ás empresas: Aqualia, Unión Fenosa Distribución, S.A., Telefónica, R Cable e Gas Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, esta proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.



Concello de Vigo

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria do día 11/10/18, acordou elevar á Xunta de Goberno local o presente expediente para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1175).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 71048/250.

Visto o informe de fiscalización do 09/10/18, dáse conta do informe-proposta do 05/10/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe de Servizo de Vías e Obras, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 07.11.2014 acordou entre outros adxudicar a CIVIS GLOBAL S.L. a contratación do Servizo de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (expediente 71048-250). por un prezo total de 6.400.000 euros (IVE engadido) e unha baixa proporcional única do 29,74% respecto dos prezos unitarios do contrato fixados no Anexo I ao Prego de Prescricións Técnicas Particulares.

Así mesmo o adxudicatario na súa proposta renuncia a percibir o 100% do incremento do prezo do contrato que resulte en cada momento da fórmula de revisión de prezos prevista no apartado 3J das FEC. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da XGL e a oferta presentada. O antedito contrato formalizouse en data 28.11.2014, establecéndose como data de inicio 01.12.2014 e duración de 4 anos.

II.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.09.2017, acordouse a modificación do contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, consistente en substituír ao responsable do contrato, o Xefe do servizo de Vías e Obras polo xefe do Servizo Administrativo e Control orzamentario da Área de Fomento.

III.- En data 18.12.2017, a Xunta de Goberno Local acordou modificar o contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do concello de Vigo, incrementando as operacións de reparación e mantemento descritas na cláusula 10 do PPT exclusivamente para a anualidade do ano 2017, e autorizando a incorporación dos prezos contraditorios propostos no informe técnico de data 14.12.2017 aos Anexos I e II do PPT.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017) establece na súa Disposición transitoria primeira que nos contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma (09.03.2018) o réxime das prórrogas rexeráse pola normativa anterior.

II.- O artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público (en adiante, TRLCSP), dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbese polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevea expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

III.- O artigo 303 do TRLCSP, indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

IV.- O PCAP que rexe o contrato, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 26.06.2014 establece no apartado 4 das FEC, un período de execución de 4 anos, con dúas posibles prórrogas dun ano cada unha. Así mesmo, o presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período previsto, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de 10 meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

V.- O técnico que subscribe considera que a prestación do servizo vense realizando de maneira satisfactoria, polo cal considerase procedente propoñer a súa prórroga polo período dun ano de duración, cumpríndose por tanto os requisitos esixidos polo TRLCSP e o polo propio PCAP.

VI.- A empresa que presta o devandito servizo, CIVIS GLOBAL S.L., non presentou documento de oposición a prórroga segundo os prazos recollidos no prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato.

VII.- O importe da prórroga indicada correspóndese cun prezo anual de 1.600.000 € (IVE engadido), sendo o importe correspondente ao IVE de 336.000 euros. O citado importe corresponde coa seguinte distribución anual:

- Ano 2018 (período comprendido entre o 1 de decembro de 2018 e 31 de decembro de 2018: 133.333,33 euros, con cargo á aplicación 1550.210.0001.
- Ano 2019 (período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 30 de novembro de 2019: 1.466.666,67 euros con cargo á aplicación orzamentaria 1550.210.0001



Concello de Vigo

VIII.- Competencia.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TRLCSP.

A vista dos documentos que obran no expediente respecto da prórroga do contrato, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral,

PRIMEIRO.- Autorizar a prórroga do contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo por un prazo dun ano, polo período comprendido dende o 01.12.2018 ata o 30.11.2019.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto do importe estimado da prórroga do contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo , a favor da mercantil CIVIS GLOBAL S.L., por un importe de 1.600.000 € (dos cales 336.000 € corresponden ao IVE) imputando o mesmo á aplicación orzamentaria 1550.210.0001 coa seguinte distribución anual:

Año 2018: 133.333,33 euros

Año 2019: 1.466.666,67 euros

TERCEIRO.- Notificar á empresa adxudicataria, os efectos de formalizar dito acordo para o cal deberá manter a garantía definitiva regulada no PCAP, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo de un mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do Contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1176).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez